

A CHMS obriga ao Club Fluvial a desmontar a piscina infantil e deixar paso

Os socios do Club Fluvial recibiron con moito enfado a decisión da CHMS que obriga á entidade a retirar a piscina infantil e abrir a zona para o libre paso do resto de persoas. Desmontar tamén os peches das pistas deportivas son outras das medidas que se fan obrigadas para cando remate o verán pero as voces críticas coa situación do club, que levaban tempo intentando saír, son agora máis altas e claras pedindo a dimisión da xunta directiva e a revisión da situación. Mentres, no faltan colectivos que suxiren que se aproveite a situación para facer aí unha praia fluvial municipal. **Pax. 16-17**

Os roteiros esquecidos

Sendeiristas levantan a voz contra as distintas administracións polo deficiente estado e a perigosidade das rutas do municipio, abandonadas dende fai anos



Roteiros como o dos Muiños, os Lagos de Teixeira, os caneiros do río ou mesmo a contorna da Fábrica da Luz, que están a cargo da Xunta de Galicia ou do Concello de Lugo, presentan un estado totalmente desastrado sendo xa un perigo para os camiñantes. Estes roteiros, que levan anos en funcionamento, non recibiron as atencións necesarias para manterse en bo estado e hoxe en día son un perigo para os usuarios destas sendas, que están recoñecidas nas guías oficiais pero que hoxe en día son impracticables. **Pax. 2-3**

reportaxe. Chega ao MIHL unha mostra da historia con clicks. **Pax. 8**

cultura. Primeiros avances na programación de San Froilán. **Pax. 9**

economía. Denuncia sindical contra a RPT do Concello de Lugo. **Pax. 9**

sociedad. Lugo Monumental quere repoñer as mesas da praza. **Pax. 10**

infraestruras. Polémica polo carril bici entre usuarios e veciños. **Pax. 19**

zona rural. Comezan as melloras nas vías de Pías, Piugos e Tirimol. **Pax. 20**

deportes. O Emevé infantil trae dous títulos nacionais. **Pax. 28**

Ciclo Na Bocanoite a partir do 14



Serán catro concertos na Casa do Saber de Lugo. **Pax. 4**

A unión da poesía e a música



Concertos que se iniciarán o 22 de xullo. **Pax. 4**

Roteiros de artesanía no verán



A inscrición está aberta para uns 20 obradoiros. **Pax. 6**

Quiroga Ballesteros únese á rede de rúas peonís

A rúa Quiroga Ballesteros uniuse á rede de rúas peonís de Lugo. A actuación realizada nesta vía incluíu a renovación do saneamento, as instalacións eléctricas e o alumbeado público, ademais

da renovación de rexistros e a instalación de novo mobiliario urbano. Ademais, ampliouse a zona de execución, mellorando tamén a estética da parte baixa de Santo Domingo. **Pax.15**

ACTUALIDAD

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

AUMENTA TU PENSIÓN

Reclama el complemento de paternidad

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
982 228 606
veiguelabogados
veiguela abogados

A FONDO

O abandono dos sendeiros

Sendeiristas e habituais quéixanse do estado no que se atopan moitas vías naturais como a ruta dos Muíños ou os lagos de Teixeira

Lugo sempre foi unha cidade de paseantes, costume que se foi facendo máis notoria durante a pandemia, cando o feito de manter a distancia social e estar ao aire libre fíxose unha necesidade sanitaria deixando ao sendeirismo como unha das poucas opcións para o espacemento.

Debido ás características da cidade de Lugo, a súa contorna conta con numerosas vías que foron adaptadas precisamente para estas andainas e que están a sufrir nos últimos anos un intenso proceso de deterioro sendo, en moitas ocasións, un perigo para os usuarios.

Un exemplo notorio desta situación é roteiro peonil de Os Muíños que é de titularidade autonómica. Son numerosísimas as queixas que a veciñanza leva meses trasladando ás institucións para que se reverta a situación do enclave, reivindicacións ás que tamén dende o Concello de Lugo súmanse, non só pedindo que se repare, senón tamén en prol da recuperación deste espazo como patrimonio natural para poñelo a disposición, nunhas condicións axeitadas, tanto de lucenses como de visitantes.

Dende o Concello solicitaron á Xunta o seu amaño. Calificano como "un dos itinerarios rurais máis emblemáticos do municipio e que se atopa nun pésimo estado de conservación debido ao abandono que sofre".

E é que o seu estado non só é deplorable, tamén e sumamente pe-



rigoso para o traseúnte. De feito, foi realizada co obxectivo de ser un lugar de uso para familias, que se trata dunha ruta corta, de menos de catro quilómetros, de fácil acceso e apta para todos, agás persoas con mobilidade reducida. O Concello asegura que dende Medio Ambiente actuouse nas pontellas da ruta de Ombreiro ao completo; na ponte que hai antes de chegar á Estación Depuradora de Augas, no sendeiro do

Río Miño; e tamén no roteiro de Os Muíños, ata chegar ao Muíño de Abelleira, "xa que o resto do tramo pertence á Xunta", sinalou Fernández.

O tenente de alcaldesa indicou que é precisamente a partir deste punto do percorrido cando o traxecto se torna insalvable "debido ao desleixo que afecta a todo o camiño e que chega a comprometer a integridade das persoas usuarias".



Á esquerda, dúas imaxes de distintos puntos da ruta dos Muíños, e, á dereita, a contorna da Fábrica da Luz xusto fronte ao Club Fluvial

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEdia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374



Estado no que se atopan as dotacións dos lagos de Teixeira

CANEIROS

No Concello de Lugo atópanse moitos caneiros no río Miño, aínda que moi poucos están en bo estado, que algúns levan anos en ruínas e outros estanse a deteriorar tralas riadas dos invernos. De momento, non hai plans para restauralos, xa non só para a pesca senón tamén como zonas de baño.

Algúns como o do Muíño está roto dende a construción da ponte branca e o escaso caudal do río deixa ver que cada vez hai máis oco. Un dos exemplos máis destacados é o tramo que comprende a zona da Fábrica da Luz, onde remata o caneiro que se une co club fluvial. A pasarela está totalmente destruída e necesita a natureza está descontrolada, invadindo a zona. Malia que lembraron sinalizar a zona,

segue supoñendo un grave perigo para os viandantes.

LAGOS DE TEIXEIRO

Inaugurouse no ano 1985 para poder escapar da cidade e adentrarse no mundo natural, cunha paisaxe fermosa e cun entorno admirable. Os lagos de Teixeira sempre foron un dos espazos naturais favoritos dos lucenses que querían desconectar e pasar un día ao aire libre, así coma de excursións de diferentes lugares que viñan admirar o paisaxe do lugar. Así pois, o tempo foi pasando e a área recreativa deste espazo comezou a deteriorarse de forma paulatina ata o punto de que, actualmente, só te podes imaxinar a beleza que puido conter.

Despois do confinamento e de pa-

sar tempo sen poder dar un paseo ao aire libre, a xente comezou a realizar andainas e a facer rutas de senderismo próximas a súa residencia. O problema é que moitas delas, despois de tempo sen un coidado, están totalmente abandonadas.

Os lagos de Teixeira é un exemplo claro desta situación. Para comezar é un lugar que xa non está sinalizado; en todo o traxecto só existe un indicador na estrada que sae de Lugo cara Oviedo polo que, para chegar, é preciso o emprego dun GPS que indique por onde ir. Así mesmo, o acceso é intransitable, abundan as fochancas e a grava está solta, polo que é sinxelo raiar o automóbil que empregas. No caso de ir noutro vehículo coma unha bicicleta, o perigo é maior xa que podes caer na estrada.

Unha vez chegado alí, o abandono e a maleza son os protagonistas. Anteriormente, como área recreativa contaba con mesas, bancos e grellas que se podían empregar por turistas, veciños e veciñas que quixeran gozar dunha xornada ao aire libre, sen embargo, na actualidade isto é imposible a causa do mal estado no que se encontran, así coma os piñeiros e as malas herbas que as invaden. A maleza consumiu todo o que había para deixalo inhabilitado. Un exemplo disto é unha fonte que se atopa entre o musgo que tapa a pedra que a compón e na que se pode ver -a duras penas- a data na que se levou a cabo: 1982.

Outro aspecto a destacar é a dificultade que existe para transitar pola senda e pola propia área recreativa. A variedade biolóxica é

grande polo que hai que ter coidado para cruzar por certos lugares onde te podes ortigar ou ensilvar con facilidade. Ademais, a presenza humana que houbo non axudou na mellora da imaxe dos lagos, deixando acumulado lixo nunha edificación que existe dentro do espazo da área que aínda está por recoller, unha función que deberían levar a cabo dende o Concello de Lugo.

Por outra beira, na páxina da Xunta -que é a que está a cargo xunto co Concello de Lugo- aparece coma un área de recreo e miradoiros para visitar, sen embargo, as imaxes que están subidas para publicitalo varían de forma importante coa realidade. De feito, tal e coma está na actualidade, é imposible poder publicitalo sin arranxalo antes ou sen volvelo ao seu estado orixinal xa que, ademais da imaxe de abandono que proxecta, é un perigo para todos aqueles que o vaian visitar debido ás cancelas rotas e as reixas esganifadas polo chan, entre outras cousas.

Un paraxe idílico que, coma outros, está nunha situación de abandono nunha época propicia na que o bo tempo predomina e que é a indicada para facer este tipo de turismo que atrae, actualmente, a tantos visitantes.

ACTUACIÓNS MUNICIPAIS

O edil da área Miguel Fernández sinalou que “só nesta primavera, o Concello de Lugo investiu 7.555 euros na colocación de 1.576 metros de malla antiesvarante nas pasarelas de madeira dos sendeiros que son competencia da Administración local, para evitar posibles escorregamentos e caídas derivadas da presenza de follas ou de humidade sobre a tarima. Traballo que se coordinaron cos labores de mantemento e limpeza habituais, programados durante todo o ano e co fin de ofrecer á cidadanía unha contorna atractiva pero tamén segura”.



Cámaras de congelación • Cámaras de conservación
• Túneles de congelación • Secaderos de jamones, embutidos y quesos • Plantas frigoríficas para industrias pesqueras, conserveras, cárnicas, panaderías industriales y afines, lácteas, etc.
• Plantas frigoríficas para supermercados, hipermercados y centros comerciales
• Climatización en otros sectores industriales

Más de 50 años de experiencia realizando el montaje y el mantenimiento de instalaciones de frío comercial, industrial, y climatización

Rúa dos Carpinteros, 27 • Pol. Ind. O Ceao. LUGO • GALICIA • ESPAÑA
frisaques@frisaques.com • Tel: (+34) 982 207 147 • www.frisaques.com

LUGO

cultura

Campamentos de verán nas Casas das Linguas de Lugo

Chega unha nova edición dos campamentos de verán organizados polas Casas das Linguas Municipais. O que se busca é achegar outras linguas a nenos e nenas de maneira lúdica.

As actividades estarán orientadas para nenas e nenos de entre 5 e 9 anos, e levaranse a cabo en dúas quendas, do 1 ao 14 de xullo e do 16 ao 31 de agosto, en horario de 10:30 a 13:30 en cada unha das Casas das Linguas, e cunha participación de 10 nenas e nenos en cada unha das actividades.

Para solicitar unha praza, debe

contactarse mediante correo electrónico ou en persoa na Casa das Linguas desexada, entre o días 16 e o 29 de xuño. Os enderezos de correo electrónico habilitados son casa.linguas@lugo.gal para a Casa das Linguas da Estrada da Granxa ou no enderezo casa.linguas.balteira@lugo.gal para a casa das linguas María Balteira. Cada alumna ou alumno só poderá solicitar unha quincena, e as solicitudes para irmás e irmáns deberán remitirse no mesmo correo, indicando en todos os casos o nome e a quincena solicitada.

O Ciclo Experimenta une a música e a poesía

Os xardíns do Pazo de San Marcos e o claustro do Museo de Lugo acollerán a segunda edición de Ciclo Experimenta, un programa que conxuga a música en directo co audiovisual e a poesía. A entrada aos concertos será gratuíta, pero con reserva previa a partir do 15 de xullo en info@teleclube.com.

As xornadas inauguraranse o xoves 22 de xullo, ás 20.30 horas nos xardíns do pazo de San Marcos coa actuación de Alfonso Dorido, *Homem em Catarse*, o proxecto máis persoal do músico portugués.

O venres 23 de xullo chegará ao pazo de San Marcos ás 20.30 horas, *Amorante*, un artista multiinstrumentista vasco, cunha voz desgarradora que mistura música popular dende un punto de vista contemporáneo.

As actuacións continuarán o sábado 24 de xullo, ás 12 horas, nos xardíns, desta vez, do museo provincial. Así pois, será o turno de *Strange Mystery Flower*, un dúo no que se poderá disfrutar dun espectáculo poético-musical multidisciplinar que en pouco máis dunha hora percorre o



imaxinario poético de William Blake, a través destas xoias de pop atemporal de dous/tres minutos, algún que outro poema recitado.

Finalmente, para pór punto e final a estas xornadas, contarase con Los Sara Fontán, un dos dúos máis intensos e sorprendentes do momento que só actúan en directo, xa que non contan con ningún disco. Este dueto abre a música a múltiples disciplinas, á danza, á poesía ou mesmo ao audiovisual.

O ciclo musical Na Bocanoite chega a Lugo a partir do 14

Xa está en Lugo o ciclo musical Na Bocanoite, que buscará manter viva a oferta cultural ao aire libre na capital luguesa durante o mes de xullo coa celebración de catro concertos ao vivo que transformarán a solaina da Casa do Saber en escenario e o adro da catedral en espazo de lecer. Marcos Teira será o protagonista de Na Bocanoite o 14 de xullo, data na que está programado o concerto de presentación de Nós, o último disco do guitarrista nado en Pobra do Caramiñal. Neste traballo, Marcos Teira conta coa colaboración musical de Alfonso Calvo (baixo), Moisés Fernández (percusión) e Alejandro Vargas (piano).

A última achega musical de Marcos Teira supón o peche dun círculo comezado hai xa 25 anos e que o levou a percorrer escenarios por todo o mundo. Daquela, neste álbum, o sétimo do guitarrista da Pobra, Teira pasa temas de jazz polo filtro do fla-



menco, outra das súas paixóns.

O ciclo Na Bocanoite ofrecerá ao público lugués e tamén aos visitantes que se acheguen ata a cidade amurallada na tardiña do 21 de xullo a posibilidade e gozar dos poemas musicados de Lorca. Nesta nova entrega do chamado Proxecto Lorca, o elenco de intérpretes estará con-

formado por Noeila Geada e David Taboada, Nebra, Infrarroja, Muruáis e Monsal e Condensadores de Fluzo. O dúo Caamaño&Ameixeiras, integrado por Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz), pechará o 28 de xullo a nova entrega de Na Bocanoite, unha iniciativa cultural que agromou desde Lugo Cultural como alternativa para achegar a cultura e as creacións de artistas galegos ao público e que, logo do éxito colleitado na súa edición de 2020, semella terse consolidado como un programa acaído e atractivo para o verán lugués.

As catro actuacións programadas no ciclo Na Bocanoite comezarán ás 20.30 horas. A entrada aos concertos, é gratuíta, aínda que se require solicitar convite con antelación. Daquela, as persoas interesadas deberán tramitar a súa petición de entradas a través do enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es.

A XLIII Semana de Cine de Lugo xa ten cartel e datas de celebración

A XLIII Semana de Cine de Lugo xa ten data de celebración e será do 20 ao 25 de setembro. O cartel está deseñado pola pintora lucense Sabela Arias, que confeccionou unha alegoría visual con motivos lucenses, centrada no centenario de Luís Berlanga fixándose de xeito especial na súa mítica película *Bienvenido, Mr. Marshall*.

O cartel vai ser distribuído pola capital lucense e por toda Galicia en próximas datas para empezar a dar a coñecer a próxima edición da festa cinematográfica, que este ano volve ao seu habitual calendario da segunda quincena do mes de setembro.

Esta imaxe que compón o cartel vai



ser tamén a portada do libro-programa da Semana, dos programas de man e do xornal da Semana que se vai buzinear en todos os domicilios da cidade de Lugo.

Para que os lucenses cinéfilos poidan participar nesta homenaxe visual a Berlanga, Fonmiñá vai convocar un concurso para que os coñecedores da película poidan indicar os motivos da película berlanguiana que encontran reflectidos no cartel. Os participantes que máis se acheguen ao total dos motivos indicados serán premiados con lotes de libros sobre cine e imaxe en xeral publicados por Fonmiñá con motivo das Semanas de Cine.

GANCEDO ASESORES

Asesoramiento integral de empresas y particulares

Fiscal-Laboral-Contable

Avda. Madrid 46, Entresuelo C - 27002 Lugo

Telf: 982813105

- CONSULTA XERAL
- MEDICINA INTERNA
- VACINACIÓNS
- DESPARASITACIÓNS
- MICROCHIP
- CIRURXÍAS
- ANÁLISES CLÍNICAS
- LIMPEZAS DENTÁIS
- PERRUQUERÍA
- VENTA DE PENSOS E COMPLEMENTOS
- CONSULTA A DOMICILIO

CENTRO VETERINARIO A Piringalla

 Angelo Colocci 25, baixo - Lugo
 982 809 526 - 628 100 752
contacto@veterinariapiringalla.es
www.veterinariapiringalla.es
 Centro Veterinario A Piringalla

Exposición na Milagrosa

A exposición *Historia do Barrio da Milagrosa de 1960 a 2002* inaugurarase o venres 16 de xullo, ás 20.00 horas no centro de servizos sociais de Frigsa (parque da Milagrosa). Dende a organización comunican que a presentación se fará nun espazo amplo de tempo para non aglutinar a todos os medios de comunicación á mesma hora e poder cumprir desta maneira, as medidas sanitarias correspondentes.

VPMASCARILLAS

MASCARILLAS VP2 FFP2

Caja 25 Mascarillas

NUEVOS
MODELOS



VP
MASCARILLAS

NOVEDAD

MASCARILLAS FFP2 ARI

Caja 10 Mascarillas

ESTAMPADOS
DIFERENTES



MASCARILLAS QUIRÚRGICAS IIR
ADULTOS Y NIÑOS - VARIOS COLORES

Caja 50 Mascarillas



Certificadas por AITEX

FABRICADAS EN GALICIA
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENE

COMPRA DIRECTAMENTE EN:

TIENDA ONLINE

www.vpmascarillas.com

TIENDA EN FÁBRICA

Avda. Benigno Rivera, 64. 27003 Lugo - 982 147 520

+ INFO: info@vpmascarillas.com

O Centrad pón en marcha roteiros de artesanía

O Centro de Artesanía e Deseño bota a andar o programa Lugo é Artesanía, con visitas a unha vintena de obradoiros das distintas comarcas durante os meses de xullo, agosto e setembro.

As visitas guiadas ofrécense en dous formatos, baixo o epígrafe, Xornadas Viaxeiras, no que as persoas asistentes se achegarán, nun mesmo día, a diferentes obradoiros dentro de cada comarca para afondar na relación que cada oficio garda coas características físicas do territorio no que se ubica e tamén no seu patrimonio cultural e etnográfico; e Experimenta Artesanía, no que se propón profundizar nas técnicas e nos proxectos profesionais e vitais de cada artesán ou artesá.

As persoas interesadas en participar nas visitas deben inscribirse previamente a través do enderezo electrónico info.centrad@deputacionlugo.org ou no teléfono 982 210 066. As solicitudes atenderanse por orde de inscrición ata completar a capacidade.

Na terceira xornada viaxeira, o 21 de agosto, visitarán terras chairegas para coñecer o traballo artesán de Idoia Cuesta, en Outeriro de Rei, e Xaneco. Xantarán de pícnic en Penas de Rodas e, pola tarde, visitarán o torneo Vicente Ledo na aldea artesá da Fraga en Xermade.

A cuarta xornada será o 11 setembro, e farase integramente a pé con visitas culturais á cidade de Lugo. Coñecerase de preto o traballo de construción de gaitas de Lis, o dese-



ño en cerámica de Mi madre no me deja e a marroquinería de Querquer Leathercraft.

A quinta xornada, a do 12 de setembro, continuarán a pé con visitas culturais á cidade de Lugo, de camiño aos obradoiros de cerámica, gravado e cartón pedra de Ceniza de Papel, Augatinta e Marga Portomeñe.

Para todas elas o máximo de persoas participantes é 15.

Por outra banda, no Turismo Artesanal Activo Experimenta Artesanía, o 8 de agosto visitarase o Obradoiro Ceniza de Papel, de Lugo, no que poden asistir 8 persoas en horario de 11.00 a 18.00 horas.

O 5 de setembro será a quenda de Ao redor da máscara romana, un obradoiro de Marga Portomeñe, no que poderán participar 12 persoas en horario de 10.00 a 19.00 horas.

Xa o 19 de setembro será a quenda de Tecendo a natureza no obradoiro Idoia Cuesta en Outeriro de Rei para un máximo de 8 persoas e en horario de 10.00 a 18.00 horas.

A biblioteca de Lugo ofrece mostras bibliográficas no verán

A biblioteca pública de Lugo ofrece ao longo do verán diversas mostras bibliográficas para gozar de lecturas, descubrir Xapón e lembrar o concerto solidario de 1985 Live Aid. Cómpre lembrar que durante os meses de xullo e agosto o centro bibliotecario estará aberto de luns a venres co horario habitual da época estival, que abrangue das 8.30 ás 14.30 horas.

Así, o público poderá atopar ata finais de agosto unha selección de libros para as vacacións, coa mostra Un verán de lecturas, ademais dun conxunto de obras sobre a cultura xaponesa coas que descubrir como se fusionan a modernidade e as tradicións no país asiático, entre outros temas. A música tamén terá o seu espazo no centro bibliotecario cunha

mostra conmemorativa do concerto Live Aid, celebrado en xullo de 1985 de xeito simultáneo na cidade inglesa de Londres e na estadounidense de Filadelfia, para recadar fondos destinados a paliar a fame en Etiopía e Somalia. Libros, vídeos e CD's dalgúns dos preto de 80 artistas participantes lembran a iniciativa a partir da que se declarou o 13 de xullo Día Mundial do Rock.

Pola súa banda, ao longo deste mes seguen as mostras iniciadas en xuño Eu viaxo, ti viaxas, nós viaxamos, dirixida ao público infantil, cunha selección de guías de viaxe específicas para este colectivo, e Día do orgullo LGTBI, instalada ata o día 15 no marco da celebración, o 28 de xuño, desta efeméride e que inclúe libros e películas.

Comeza o graffiti Fusión de Melloras no Maruja Mallo

Comezou a elaboración do graffiti Fusión de melloras, que se executa no muro do centro de convivencia Maruja Mallo, coa que se quere visibilizar o Lugo máis social.

O mural réalizao Daniel Fernández, gañador do certame O corazón de Lugo, que foi organizado polo Concello lucense en colaboración coa Federación de Asociacións do Ámbito Social de Lugo (Fadas), cuxa representante, Ana María Bereciartúa, estivo presente tamén no inicio da obra de arte urbana.

Con este concurso, quérese enlazar o traballo realizado polas asociacións que forman o terceiro sector de acción social de Lugo ao tempo que se realiza un chamamento á cidadanía para que se acorden das iniciativas que desenvolvan estes colectivos.

A obra gañadora amosa toda a axuda que brinda cada unha das



persoas voluntarias das asociacións (de aí as mans abertas), unha función que toda a cidadanía debería apoiar. De aí a cabeza aberta, que se pecha grazas a esas mans que a están unindo para estar todos ao mesmo: axudar. A cabeza da muller representa a todo o mundo, xa que sen as mulleres non se podería nacer e as flores e follas son unha par-

te representando a natureza.

O xurado elixiu 3 obras ás que se lles outorgou 1000 euros para o primeiro premio e a realización da obra, 500 euros ao segundo premio e 200 euros ao terceiro premio. Ao resto de obras preseleccionadas, Fadas concedeulles un vale de compra de materiais por valor de 100 euros.

Lugo acolle en xullo e agosto actividades para maiores



Clase de ximnasia na rúa

Lugo móvese cos maiores é unha iniciativa contemplada no programa municipal de animación sociocultural, onde se levan a cabo actividades pensadas para atender demandas e necesidades, tanto físicas como emocionais deste colectivo adulto.

As rutas guiadas polo rural, catro en total, terán lugar todos os venres cada 15 días. O punto de encontro será desde a praza Bretaña e sempre baixo as restriccións sanitarias en vigor. Para poder participar é preciso unha inscrición previa que se poderá realizar no Centro Maruja Mallo ou a través do correo animacion.sociocultural@lugo.gal.

As rutas desenvolveranse nos seguintes días: o día 23 de xullo realízase polo Camiño Primitivo de Lugo; o día 6 de agosto será polo Camiño Primitivo de Castroverde e, finalmente, o 20 de agosto a camiñata será polo Vello Lugo Agrario.

Repiten as rutas guiadas pola cidade, catro en total, que se desenvol-

verán todos os venres cada 15 días, todas con saída desde a Praza Maior e sempre baixo as restriccións sanitarias en vigor en cada momento. A duración de cada unha delas será dunha hora e media. Así pois, comézase o 16 de xuño nunha ruta que contemplará o Lugo Romano. A continuación, o día 30 de xullo será o turno do Lugo episcopal e conventual, o 13 de agosto realízase o Lugo dos pazos e das casas señoriais e, para rematar, o día 27 de agosto será o Lugo histórico.

En canto as actividades de ximnasia nas prazas impartíranse os luns e mércores na das Illas de Montirón, na praza da Milagrosa, no parque da Milagrosa, na praciña da Igrexa (Sagrado Corazón) e na praza Roxa (Fingoi). Os martes e os xoves, pola contra, as ubicacións serán: a praza Maior (Centro), a praza do Castiñeiro (Lamas de Prado), a praza de Viana do Castelo (Piringalla) e augas Férreas (próxima á zona universitaria).

EN BREVE

O MILAGRE DE SAN VICENTE. A Asociación Lugo Monumental decidiu non levar a cabo o Milagre de San Vicente por segundo ano, debido á situación sanitaria actual. “A irresponsabilidade dalgúns, que nos están levando outra vez a unha situación de perigo, fai que haxa que extremar as precaucións, e non parece que concentrar por centos de persoas nun punto sexa o máis aconsellable”, din. Desde a Asociación indícase que se máis adiante as condicións sanitarias permíteno poderíase levar a cabo pero desde logo non na súa data habitual, o 29 de xullo, día de Santa Marta (patroa da hostalería). Si se entregarán, con todo, os galardóns de recoñecemento a traxectorias profesionais, pero será nun acto sinxelo e sen público.

FINDECURTA. O xurado da sexta edición do maratón audiovisual Findecorta, programa ideado para contribuír á promoción do audiovisual galego e ao impulso de novos creadores en lingua galega, premiou a curtametraxe Sharp, do equipo de rodaxe DeuxExMachina, mentres que as preto de cen persoas que asistiron á gala de entrega de premios outorgaron ou seu galardón á produción E se non é COVID, de Gabriele Enteléticos. O xurado, formado pola actriz galega María Vázquez e o crítico de cine Jon Leceta, acordou conceder un accésit á curta Chiróptera, do grupo As Congas. O equipo gañador recibiu unha gratificación en metálico de 500 euros, ademais de participar na próxima edición da Semana Internacional de Cine.

Chegan os campamentos de verán ao Vello Cárcere

O Centro Sociocultural O Vello Cárcere acolle un campamento urbán infantil de verán, gratuito, no que se realizarán actividades de ocio, educativas e lúdicas.

O campamento está dirixido a nenos e nenas nados entre o ano 2010 e o ano 2018, ambos incluídos. O máximo número de participantes que se van a poder inscribir en cada semana é de 20 xa que se formarán grupos burbulla equitativos por idades. Así mesmo, dende a organización recordan que as nenas e nenos que opten a praza no campamento urbán de verán deberán de ser autónomos para ir ao baño, sen excepción.

As actividades organízanse por quendas semanais, que deron comezo o día 23 de xuño do 2021 e rematarán o 3 de setembro.

Os interesados e interesadas poderán solicitar praza nun máximo de tres semanas do total que se ofertan. Podendo sinalar, no caso de estar interesados, máis quendas para adxudicar as prazas vacantes, numerando a petición de prazas de acordo coa súa preferencia. As actividades darán comezo ás 10:15 horas e finalizarán ás 13:45 horas. Establécese un horario de chegada e un de recollida para facilitar dita tarefa aos titores dos menores participantes do campamento.

O horario de chegada e benvida será de 10:00 horas a 10:15 horas. O horario de recollida será de 13:45 horas a 14:00 horas. A recollida dos participantes do campamento realizarase por parte das persoas que presentaron a inscrición, no caso de non ser así, a persoa que acuda debe estar autorizada mediante escrito polos pais ou titores do menor.



No campamento van primar os valores educativos, así coma a diversión e os xogos nun ambiente de respecto. Así pois, os participantes deberán seguir as normas e as directrices sinaladas en todo momento polos monitores e monitoras e responsables do campamento.

Dende a organización tamén piden que os asistentes que participen no campamento traigan roupa cómoda, ademais dun mandilón ou similar para protexer a roupa durante as actividades.

En canto á inscrición, o impreso

de solicitude e as bases estarán dispoñibles no propio Centro Sociocultural O Vello Cárcere de Lugo. Así pois, procederase ao peche de solicitudes de inscrición de cada quenda os venres da semana anterior ás 11 horas, sendo excepcional a primeira semana do 23 ao 27 de xuño, na que se admitirán solicitudes ata o martes día 22 de xuño ás 13:00h.

Para máis información pódese consultar a web do Vello Cárcere, chamar ao 982 297 195 ou preguntar no propio centro.

Abre unha nova exposición

O Vello Cárcere abre as portas dunha nova exposición, As pequenas cousas, que se pode visitar a partir do día de hoxe até o 30 de setembro. A mostra consta de 26 obxectos e 13 fotografías, recompiladas durante máis de 10 anos de investigación, e que foron utilizados polas familias das persoas que foron asasinadas ou desapare-

cidas, ou cando estiveron no cárcere ou no exilio, para lembrar aos seus seres queridos.

A mostra busca dar a coñecer o noso pasado a través de obxectos e fotografías coas que poder aprender algo máis da memoria histórica.

A mostra poderá visitarse nas celas de mulleres do Vello Cárcere até o 30 de setembro.

O museo provincial acolle este verán diferentes actividades

A Rede Museística Provincial programa nestas datas de verán diferentes obradoiros e actividades para os máis cativos e cativas, coas que se poderán disfrutar do aire libre e do tempo de lecer. Así mesmo, gracias a elas, os participantes poderanse achegar un pouco máis a coñecer os catro museos que conforman a Rede Museística Provincial de Lugo que este ano está de 15º aniversario. Neste caso, os seguintes obradoiros levaranse a cabo no museo provincial de Lugo. Campamentos en rede será unha das actividades previstas para este verán no museo e que, dependendo da quenda, estará dirixido a nenos e nenas de diferentes idades. Así pois, na primeira e na terceira quenda a idade dos participantes atoparase entre os 8 e os 12 anos;

mentras que na segunda e na cuarta quenda, será de 4 a 7 anos.

As prazas dispoñibles de cada quenda serán 8 e as datas serán as seguintes: a primeira quenda irá dende o 12 ao 16 de xullo, a segunda dende o 26 ao 30 de xullo, a terceira dende o 2 ao 6 de agosto, finalmente, a cuarta será do 16 ao 20 de agosto. O horario de actividades será das 18 ás 20 horas.

Ademais, do 2 ao 4 de agosto levarase a cabo Pequenos arqueólogos, unha actividade dirixida a nenos e nenas de entre 5 e 7 anos que aprenderán a través de xogos e divertimentos. Hai 5 prazas dispoñibles e o horario será de 11.30 a 13 horas.

As inscricións realizaranse a través da plataforma educativa da Rede Museística Provincial.

Comezou en Lugo a II edición das Ruadas da Banda Municipal



Unha das ruadas realizadas

Deu comezo a segunda edición das Ruadas da Banda Municipal de Música, que volve por segundo ano a achegar as distintas agrupacións da banda ás prazas. As Ruadas xa comezaron o martes 6 de xullo e continuará o día 14, o grupo de Metais repetirá na praza de Ferrol, e o venres 15 a

praza da Milagrosa contará co grupo de Clarinetes. Na última semana das Ruadas, o grupo de Metais situarase o martes 20 na praza de Maior. O 21, o grupo de Clarinetes situarase en Bispo Aguirre, e o xoves 23, as Ruadas rematarán co grupo de Saxos en Campo Castelo. Serán ás 12 horas.

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

10% DE DESCUENTO
presentando el cupón del anuncio*
* Excepto envíos fuera de Lugo

Audio©linic
Centro Auditivo

Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías • Adaptación personalizada • Rehabilitación auditiva • Mantenimiento y reparación de audífonos
PRODUCTOS: Audífonos • Protección Auditiva • Tapones de Baño • Accesorios
PROMOCIONES: Revisiones Auditivas • Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

“Os recursos das exposicións revertímolos no noso labor social”

Xabier Bermúdez, socio lucense de Aesclick, explica as primeiras iniciativas

Dende cando colabora a asociación Aesclick con espazos de Lugo? Con que espazos colabora?

A nosa actividade en Galicia remóntase a 2015, e nun primeiro momento, centrouse fundamentalmente no sur: Vilagarcía, Mondariz e sobre todo Vigo; así como na cidade de Compostela. Por aquel momento o groso dos socios e socias concentrábase alí. Durante a pandemia entraron na Asociación socios e socias de Lugo e xuntos, impulsamos esta primeira exposición na nosa cidade. Por abril deste ano puxémonos en contacto coa Concellaría de Cultura do Concello de Lugo e saíu a idea de facer unha exposición sobre Historia da Galiza, concretamente no Museo MIHL, un espazo incríbel e moi adaptado aos

nosos requerementos. Gustaríanos agradecer, tanto á Concellaría de Cultura como ao personal do MIHL, a súa confianza, traballo, disposición e paciencia con nós.

Cando nace a idea de Aesclick e por que?

Aesclick é unha asociación estatal de coleccionistas de xoguetes Playmobil, sen ánimo de lucro, que nace en 2004. Foi a primeira asociación deste tipo a nivel mundial. Cabe asinalar que Aesclick non depende nin ten nada que ver ca marca Playmobil. Nin traballamos para eles, nin dependemos en nada deles, simplemente coleccionamos os xoguetes que eles fabrican. Dende ese 2004, ese pequeno grupo de coleccionistas precursores foi medrando

e, a día de hoxe, a Asociación está amplamente distribuída por todo o estado. O que nos une a todos é a nosa paixón por estes bonecos de 7,5 cm de alto e por suposto a labor social da nosa asociación, da que estamos plenamente orgullosos e da que despois poderemos falar. Como fito máis relevante a nivel asociación, en 2010 conseguiu o récord mundial Guinness á exposición Playmobil máis grande do mundo con case 69.000 bonecos. Récord que segue en vixencia a día de hoxe.

Cales son os vosos obxectivos actualmente?

Como se comentou, Aesclick é unha asociación sen ánimo de lucro. Todos os recursos que conseguimos das nosas exposicións revertímolos íntegramente no noso labor social, a infancia con máis necesidades. Aesclick colabora con todos aqueles hospitais do estado que poñen a nosa disposición un espazo e unha urna nas áreas de pediatría. Nesas urnas (de 2x1 metros) montamos pequenas exposicións temporais que imos mudando cada 3/4 meses. A idea é traballar cas unidades de Humanización Hospitalaria de cada centro para crear un mundo paralelo onde cativos e cativas ingresadas poidan evadirse e pasar bos momentos. Ademais, nestes hospitais colaboradores, donamos cada ano polo Nadal un lote de xoguetes playmobil para seren repartidos entre os ingresados/as ao longo de todo o ano. Deste xeito, independentemente da condición social e económica de cada familia, todas elas teñen un xoguete propio co que distraerse, xogar e compartir durante a súa estancia hospitalaria. Playmobil, ademais, é un xoguete que fomenta o xogo en grupo, algo que desgraciadamente se está a perder entre a infancia. Dende 2017 colaboramos ca Área de Humanización Hospitalaria do HULA e está en proceso moi avanzado a colaboración a curto prazo co Álvaro Cunqueiro de Vigo e co Materno Infantil-Teresa Herrera da Coruña. Por outra banda, en anos de bonanza económica, a asociación dona xoguetes e outros materiais didácticos a ONG's, Fundacións ou Institucións que promoven a axuda á infancia desfavorecida ou en risco de exclusión social.

Vedes resposta na xente? Considerades que Lugo está volcada con iniciativas coma esta?

Temos que responder cun enorme



SI! A ambas preguntas. A xente de Lugo volcouse dende o primeiro día ca exposición; dende a propia Concellaría de Cultura, Maite Ferreiro, como o tenente de alcalde, Rubén Arroxo; o mesmo día da inauguración até os xa 2.000 visitantes que a día de hoxe (nas tres semanas de expo que levamos) levan pasado polo MIHL a visitar esta Historia da Galiza a golpe de Clik. De feito, dende a Concellaría xa se nos pediu a prolongación de máis un mes da exposición, debido ao éxito de asistencia. Algo que valoramos moi positivamente.

Por que nace a idea da exposición?

Nós, os coleccionistas lucenses, queríamos expoñer na cidade. Sabíamos do enorme “feed back” que supoñen as nosas exposicións. Playmobil é un xoguete do que gustan nenos e adultos e a asistencia ás expos adoita ser masiva. Sabíamos que podería funcionar ben. Foi poñernos en contacto con Anxo Lamelo, técnico de cultura do Concello de Lugo, presentarlle o noso proxecto e dar para diante a iniciativa. Coñecíamos o Museo MIHL e axeitabase á perfección aos nosos requerementos, así que propuxéronnos facer alí un percorrido histórico de Galiza até a idade media. A

exposición consta de 5 dioramas que contan cunha explicación en vinilos pegados na parede, así coma un código QR moi sinxelo de descargar que contén a mesma información en audio. Catro de 2x2 metros cadrados onde se representa a Galicia no Xurásico, a Galicia paleolítica, a Galicia Castrexa e a Gallaecia Romana. Como diorama principal (2x10 metros) está a Galicia baixo medieval: O Reino de Galiza no ano 1000 d.C. Todos os dioramas están inzados de escenas da vida cotiá en cada unha das épocas, así como de escenas extemporáneas e divertidas que colocamos para que os asistentes as localicen, dando así un toque divertido. Estas escenas servirán tamén para que o personal do MIHL, nos talleres que organizan cada fin de semana cos máis cativos, poidan falar de historia e aprender xogando.

Hai preparadas máis actividades ou actuacións como esa en Lugo?

Polo momento imos ver como funciona esta exposición e despois será tempo de valorar se a iniciativa cumpriu as expectativas. Por parte de Aesclick estamos abertos a seguir colaborando co Concello e ca cidade, poñendo os nosos clicks a disposición dos e das lucenses.



Volverán as casetas do polbo no próximo San Froilán

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu a primeira xuntanza da Comisión de Festas na que deu conta dos avances realizados de cara a esta edición do San Froilán, e onde presentou o cartaz escollido polo xurado.

Maite Ferreiro lembrou aos grupos que realicen propostas tanto de grupos como de pegoira e oferente do San Froilán. A comisión de festas está composta por 8 integrantes, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do Popular, 2 do Bloque Nacionalista Galego e 1 en representación de Ciudadanos, ademais do xefe de Servizo de Cultura, que actúa como secretario da Comisión.

CASSETAS DO POLBO. Ferreiro presentou na Comisión de Festas os avances realizados para o retorno das casetas do polbo nesta edición



do San Froilán. “A relaxación das medidas sanitarias na hostalería en comparación co ano pasado permítenos volver contar de novo coas casetas do polbo no San Froilán”, afirmou Maite Ferreiro.

A edil de Cultura presentou aos grupos unha proposta para sacar adian-

te o prego de casetas e de caldeiros con distintos prezos, segundo cales sexan as restricións sanitarias vixentes. Ferreiro explicou que “o prezo de saída das casetas será o mesmo que no ano 2015, e os caldeiros manterán o prezo de saída do ano 2016”. A edil de Cultura propuxo que ambas instalacións poidan abrir entre o 1 de outubro e o 7 de novembro.

CARTAZ DO SAN FROILÁN 2021. O xurado conformado por Aurelia Balteiro, directora do Museo Provincial de Lugo, Esther Muñoz, directora da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón e a artista gráfica Begoña Pérez escolleu ao deseñador Rubén Lucas como gañador do concurso de deseño do San Froilán, entre un total de 70 propostas co deseño titulado Círculo. Rubén Lucas recibirá un premio de 2.000 euros pola súa obra.

economía

Denuncia contra a RPT do Concello

A sección sindical de Comisións Obreiras (CCOO) no Concello de Lugo denuncia “a modificación da relación de postos de traballo (RPT) por parte do Goberno local mediante a publicación dunha corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia (BOP)”. “Dado que os cambios afectan ao contido de diferentes postos -xefaturas de negociado e xefes de grupo-, é un requisito legal imprescindible levar a proposta á mesa xeral de negociación” sinalaron.

Desde CCOO lembran que “a RPT está vixente desde hai un ano e que non se pode despachar como unha simple corrección de erros no BOP”. O sindicato entende que a modificación vén dada polo “concurso de provisión definitiva dos

postos de traballo que están ocupados de forma irregular, de aí que se publiquen os cambios cando a RPT xa leva un ano en vigor”.

“Se o Concello detectou estes erros mediante os recursos que recibiu, debería modificar todos os postos que están na mesma situación, ademais de crear cincuenta postos de segunda actividade de bombeiros”, apunta a sección sindical de CCOO.

Á luz dos feitos, coida que “dende o Goberno local están a actuar de mala fe na xestión dos recursos humanos municipais, vulnerando os principios que rexen a negociación colectiva”. Por esta razón, piden a “suspensión cautelar do concurso de provisión destes postos ata que se resolva a demanda”.

Empezan as rutas en bicicleta #PaseArte

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acudiu á primeira ruta turística en bicicleta que oferta a área de Cultura dentro da programación de visitas turísticas ofertadas pola área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para este verán.

As novas rutas permiten desfrutar da arte nas rúas, nas súas distintas expresións. As rutas pasarán polas intervencións artísticas realizadas na cidade, entre as que se atopan os murais realizados durante o Culturbar, elementos escultóricos e as palabras do ano entre outras mostras. Estas novas visitas organi-

zanse a pé e en bicicleta, seguindo coa aposta da Tenencia de Alcaldía por unha mobilidade sostible e saudable. As rutas artísticas do ciclo #PaseArte terán lugar ata o 17 de setembro, durante 10 venres, 7 mércores e catro sábados. Para as visitas en bicicleta, será preciso que cada persoa leve a súa.

DATAS VISITAS. A pé entre as 18 e as 20 horas: 3 de setembro, 10 de setembro, 17 de setembro.

A pé entre as 19 e as 21 horas: 25 de xuño, 9 de xullo, 16 de xullo, 30 de xullo, 6 de agosto, 20 de agosto e 27 de agosto.

En bicicleta entre as 11 e as 13 horas: 31 de xullo, 7 de agosto, 28 de agosto e 4 de setembro.

En bicicleta entre as 19 e as 21 horas: 30 de xuño, 7 de xullo, 14 de xullo, 21 de xullo, 4 de agosto, 18 de agosto e 25 de agosto.

VISITAS TURÍSTICAS. Entre o 11 de xuño e o 12 de setembro, haberá visitas guiadas todos os venres, sábados e domingos ás 12 horas. Serán visitas guiadas polo casco histórico, onde se explicará o patrimonio artístico e cultural do centro da cidade, e que partirán desde a oficina de Turismo, situada na praza do Campo.

Fin do pago aos negocios do Plan Reactiva

O Concello de Lugo concluíu nunha semana o pago das axudas directas, canalizadas a través da Estratexia de Recuperación Económica do Municipio, baixo o nome do Plan Reactiva. Trátase da segunda convocatoria deste tipo de achegas que o Concello de Lugo pon en marcha para apoiar ao tecido produtivo local – logo dos 5 millóns de euros habilitados no Plan Reanima – que, neste caso, ían dirixidas aos sectores máis afectados polas restricións que impuxo a pandemia.

En total, a Tesourería Municipal

abonou nos últimos días 1.020.000 euros a 540 autónomos e 243 empresas.


O Plan Reactiva recibiu 900 solicitudes, das que 117 foron desestimadas. Aproximadamente a metade das mesmas foron rexeitadas por manter débedas tributarias coa Administración Local.

A asignación económica coa que contou o Plan Reactiva equivale ao 1% do Orzamento Municipal para este 2021. Axudas que agora se completarán co Plan de Dinamización económica dos barrios.

Playa del Coto

Frente al aparcamiento del antiguo complejo

San Cosme de Barreiros - Tel.: 650 881 799



43°33'19.1"N 7°10'32.1"W

DEL 22 DE JUNIO AL 12 DE SEPTIEMBRE
HORARIO CONTÍNUO

Servicio de terraza - Comida para llevar
Ampliación de carta con nuevos productos

Pulpería
MARIO
de Viveiro

CENAS
COMIDAS
PULPO

SERVICIOS DE CATERING
FERIAS, COMIDAS, CENAS
BODAS, BANQUETES
Montaje para Eventos y ALQUILER
DE CARPAS

Alumnado do IES Muralla Romana gaña a IX D3MOBILE



O equipo NIIDEA3D do IES Muralla Romana de Lugo vén de gañar coa elaboración dun globo terráqueo a novena edición da D3Mobile Metrology World League, un campionato científico de escaneado 3D de precisión con táblete/teléfono móbil, convocado polo grupo de investigación CIGEO da EPS de Enxeñaría da USC e que conta con financiamento da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Sociedade Internacional de Forogrametría e Teledetección (ISPRS).

D3Mobile constitúe unha das ini-

ciativas para o fomento das vocacións científicas e internacionalización do Campus Terra USC, segundo subliñou o profesor da USC e director do proxecto, Juan Ortiz Sanz, quen avanzou que un equipo de estudantes do Istituto Calasanzio de Empoli (Italia) acadou o subchampionato deste certame, concibido como unha experiencia educativa dirixida a novas promesas STEM (do inglés Science, Technology, Engineering e Mathematics) co obxecto de que adquiran diversas habilidades do século XXI mediante o escaneado 3D de precisión.

Escolares do CEIP Casás estrearon un documental



Os rapaces do documental, xunto á dirección do centro

Os escolares de sexto de primaria do CEIP Casás estrearon o documental Donas de Casás, adicado a mulleres importantes na súa vida. A estrea realizouse nos cines Codex de Lugo. O traballo realizado polos alumnos e alumnas reflicte as duras circunstancias que tiveron que superar algunhas das mulleres das que se recollen testemuñas neste documental. O documental forma parte do Plan Proxecto Donas de sí, que ten como

obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

Albeiros denuncia ser o barrio máis esquecido da cidade

Dende a Asociación veciñal San Lorenzo de Albeiros –integrada na Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti da provincia de Lugo–, presidida por Fernando Rois Rois, “manifestamos o noso profundo malestar por constatar, unha vez máis, que o barrio da capital lucense Albeiros, segue sendo un dos grandes esquecidos para as Administracións en canto á dotación de servizos públicos e medidas que garantan o adecuado desenvolvemento das actividades propias da vida cotiá dos veciños e veciñas en pleno ano 2021”.

Así pois, dende a asociación refírense, nesta ocasión, á dotación de

fibra óptica “que no noso barrio de Albeiros é completamente inexistente a data de xullo de 2021, cos graves inconvenientes que carrega en canto a grao de conectividade e cobertura que posibiliten a comunicación cun grao de calidade razoable e esperable do ano en que nos atopamos”.

Ademais, engaden que esta situación sitúaos, inevitablemente, nun agravio comparativo, “xa que na actualidade somos practicamente o único barrio da capital lucense onde a ausencia de fibra óptica é total. Situación que consideramos en todo punto inxusta e inaceptable”.

Dende a Asociación veciñal San Lo-

renzo de Albeiros queren puntualizar que “non nos estamos pronunciando en detrimento de ningunha outra zona nin barrio; con todo, non consentiremos que o noso barrio siga sendo, unha vez máis, o gran esquecido”.

Por tanto, a este respecto, dende a Asociación Veciñal San Lorenzo de Albeiros solicitan, con carácter urxente debido á importancia e necesidade do reclamo, que as diferentes Administracións, así como entidades implicadas, actúen ante esta carencia que afecta “directamente ao desenvolvemento da vida diaria dos veciños e veciñas do barrio lucense de Albeiros”.

Lugo Monumental quiere repoñer as mesas da praza de Abastos

Hai algúns meses o Concello tomou a decisión de retirar as mesas de uso común que había na planta superior da praza de Abastos, situadas na zona norte do edificio. Estas mesas eran un dos habituais puntos de encontro de placeiros e un lugar para que os clientes puidesen tomarse un respiro durante as súas compras.

Ademais teñen a gran vantaxe que para moitos titulares de concesións da praza de Abastos supoñía un lugar estratéxico en que poder facer descansos sen afastarse demasiado dos seus postos, algo que botan de menos.

Dende a asociación Lugo Monumental “expuxemos reiteradamente ao Concello a problemática que se causou con esta retirada”.

Así mesmo, según Lugo Monumental a normativa modificouse e actualmente levantouse a prohibición en que se baseaba a decisión do Goberno Local.

“Tendo en conta que é un servizo moi demandado polos usuarios deste espazo, entre os que destacan os propios placeiros e empregados dos postos, xa que é moi cómodo poder ter un lugar onde facer un descanso sen ter que saír do edificio, e a crítica importancia que teñen estas mesas para a supervivencia económica da única cafetería da praza de Abastos cuxo titular se ofreceu reiteradamente a efectuar a limpeza das mesas entre cada uso dos seus clientes, solicitamos a reposición das devanditas mesas en canto a nova normativa

entre en vigor” apuntaron. Defenden que se recolleron firmas dos interesados, para poder demostrar a importancia do feito, que se achegaron o día 7 de abril.

BOTELLÓN. Por outra banda, a Asociación esixe ás administracións para atallar os botellóns, unhas festas que xa eran ilegais antes da crise do Coronavirus pero que agora se fai imprescindible controlar.

A pasividade das autoridades ante este fenómeno, que se produciu de forma continuada durante toda a pandemia (salvo nos días de confinamento estrito, cando había toque de queda facíase máis temperán, pero facíase igualmente) está a carrexar que os contagios non só non sigan baixando senón que repunten.



TALENTO DEPORTIVO. A mocidade foi a protagonista da I Gala municipal novos talentos deportivos. Así, 45 mozos, de 14 a 19 anos de idade, acadaron as becas que, desde a súa creación, foron receptores pre-

to de 600 deportistas. Os beneficiarios deste ano practican oito disciplinas deportivas individuais: atletismo, natación, tiro, orientación, triatlón, péntatlon, karate e piragüismo.



Unha conciencia organizada

Masa Crítica, un movemento que continúa vixente dende 1992 e que impulsa o uso da bicicleta dentro das cidades

Naceu e ten a súa orixe nos Estados Unidos, concretamente, no ano 1992 en San Francisco e fai xa 13 anos que se celebra na cidade de Lugo. Masa Crítica é un movemento mundial que pronto se difundiu entre ciclistas de todo o mundo, comezando a unirse á iniciativa comunidades de mensaxeiros. Pouco a pouco o movemento foi crescendo e a xente respondeu favorablemente e, por iso, a día

Trece anos despois, continúa presente na cidade de Lugo, onde cada vez hai máis adeptos

de hoxe continúa sendo un movemento vixente e que se segue a levar a cabo.

Pablo Veiga, organizador das saídas en bicicleta de Lugo, defíneo coma “unha concidencia organizada, onde aquelas persoas ciclistas quedan para dar unha volta en bici polas rúas da cidade de Lugo. Un dos nosos lemas: Pedalea todos os días, celébrao unha vez ao mes”.

A celebración desde evento é o último xoves de cada mes e lévase a cabo por varias rúas da cidade de Lugo onde ciclistas se reúnen para pasar un día diferente, deportivo e saudable onde prima o bo ambiente e o respecto polo medio ambiente. O obxectivo principal é promover o uso da bicicleta coma medio de transporte alternativo, así coma recordar todas as vantaxas das que dispón: económico, ecolóxico e social.

Así mesmo, hai que recordar que, na actualidade, Lugo está a facer carrís bici por diferentes zonas da cidade para poder ter unha mobilidade maior e, sobre todo, máis segura; algo que non comparten todos os veciños e veciñas de Lugo. Así pois, dende o Partido Popular xa trasladaron as súas diferenzas “se ben a posta en marcha dun carril bici é a priori unha acción positiva -ata aquí todos estamos dacordo- ás veces, obras ou iniciativas que poderían supor unha mellora na calidade de vida dos veciños e veciñas tórcense e convértense nun problema”.

De feito, dende o Concello queren convocar á veciñanza de Marqués de Ombreiro co fin de presentar alternativas para mellorar o carril bici debido ás queixas e preocupacións que están a recibir cunha obra que aínda está en execución.

Dende Masa Crítica, polo seu lado, deféndese o emprego da bicicleta na cidade de Lugo nos desprazamentos xa que se considera “completamente viable e

Masa crítica é un movemento popular e mundial que busca promover o uso da bicicleta coma medio de transporte alternativo

con resultados positivos”. Ademais, engaden que “unha ollada alén dos Pirineos, comprobamos como o uso da bici é xeneralizado. As medidas que vemos en



Lugo seguen camiños parecidos. Calmar a velocidade, fomentar o transporte público, gañar rúas para os ciclistas e peóns, son fórmulas a adoptar”.

Aínda así, e a pesar de que consideran que son medidas aceptables, tamén defenden que “a meirande parte da poboación da cidade de Lugo atópase nunha colina onde os desniveis son claramente superables”.

Por iso, dende Masa Crítica queren seguir promovendo unha iniciativa que educa a cidadanía -dende os máis cativos aos máis vellos-, que leva máis de 150 edicións e que, independentemente do número de participantes que se suma en cada unha delas, xa se considera “un logro e un éxito o non fracaso desta iniciativa na cidade de Lugo”.

Librería Troll

Reserva tus libros de texto

Admitimos vales de la administración

10% de descuento en material escolar

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Asorlu recibe unha achega para contratar un intérprete

A Deputación de Lugo apoia á Asociación de Persoas Xordas de Lugo (Asorlu) para a contratación dun intérprete de lingua de signos. O presidente da institución provincial, José Tomé Roca, asinou co presidente de Asorlu, Daniel Lourés Ferro, o convenio de colaboración a través do que a Deputación lle achega 23.000 euros para que os usuarios e usuarias deste servizo consigan eliminar barreiras de comunicación.

Tomé Roca puxo en valor a importancia desta colaboración, que pretende mellorar a calidade de vida das persoas xordas da provincia e das súas familias, evitando situacións de illamento. “Este servizo de intérpretes permite superar as barreiras de comunicación e axudar á igualdade de oportunidades das persoas xordas, fomentando a

súa participación social”, apuntou o presidente.

A achega da Deputación de Lugo permite a Asorlu a contratación dunha intérprete de lingua de signos a xornada completa -40 horas semanais- durante o ano 2021.

Gracias a este servizo, as persoas xordas da provincia de Lugo son capaces de realizar xestións da vida diaria e poden ser totalmente independentes, acceder en igualdade de condicións a actos, actividades e servizos imprescindibles como a sanidade, os servizos sociais, a educación, o traballo ou a cultura.

Asorlu naceu no ano 1975 co fin de mellorar a calidade de vida das persoas xordas e reivindicar os seus dereitos sendo partícipes na sociedade en igualdade de condicións que o resto de persoas.

O persoal de Ingapan denuncia na rúa a súa situación laboral

Os traballadores e traballadoras de Ingapan realizaron unha manifestación diante da sede social da empresa no Ceao, convocada dende a Cig de Lugo. A finalidade desta concentración era trasladarlle á empresa galega o malestar do persoal, afectado polas modificacións unilaterais que impón constantemente a empresa dende o cambio de titularidade e que son un ataque ás melloras e condicións da totalidade da plantilla. Por iso, consideran fundamental actuacións coma estas nas que se fai un chamamento a todo o persoal de Ingapan para axudar ó comité e o conxunto do persoal para traballar na mellora da empresa e evitar diferenzas.

A empresa Ingapan actualmente atópase integrada dentro do Grupo Europastray (líder no sector de masas conxeladas), conformada na provin-



Concentración dos traballadores de Ingapan

cia por 6 centros de traballo, Fábrica 1, Fábrica 2, Koama, Chousa, Outeiro de Rei e Begonte, cunha plantilla superior ás 400 persoas.

Dende a CIG informan que “dende o ano pasado, o recente comité de empresa, con maioría da CIG, ven

reiterando a necesidade de evitar diferenzas económicas entre os distintos centros de traballo, evitar os intentos de recortes e conxelacións dos salarios do persoal, en definitiva velar polos dereitos do noso persoal”.

A Deputación achega 370.500 euros para potenciar o Campus

Un convenio de colaboración fará que a Deputación provincial achegue 370.500 euros á USC para seguir apoiando e potenciando o Campus de Lugo. A universidade achegará pola súa banda 50.000 € para acadar en total os 420.500€ que suma o convenio, que servirá para desenvolver proxectos de mellora da calidade docente, de innovación e de desenvolvemento do rural, e para a mellora das infraestruturas universitarias.

A través do convenio, a Deputación aporta “unha contía económica que dá soporte de maneira transversal á actividade do Campus de Lugo, para que sexa a propia universidade a que decida cómo utilizar eses fondos e para qué”, explicou



Firma do convenio USC-Deputación

o presidente, quen lembrou que este acordo “súmase a outras moitas colaboracións desta institución coa Universidade de Santiago con iniciativas e proxectos, como por

exemplo, o da Granxa Experimental de Leite, que puxemos en marcha a finais do ano pasado na finca Gayoso Castro con moi bos resultados”.

VAGUADA. Por outra banda, comezou o obradoiro promovido pola USC do que saíran os proxectos para a renovación da Vaguada do Campus. Entre o xurado que valorará as propostas estará unha técnica da institución provincial.

O obradoiro sobre a Vaguada do Campus permite aplicar os coñecementos nun traballo real, concreto e vencellado á contorna dos estudantes. Así mesmo, permitirá contar cun novo espazo de lecer a carón da natureza para o alumnado universitario.

Convocadas axudas para as asociacións sen ánimo de lucro

O Concello de Lugo convocará 57.500 euros en axudas para promover que o tecido asociativo da cidade leve a cabo proxectos que dinamicen a economía lucense.

Trátase da segunda edición do plan plurianual no que se enmarcan estas subvencións, habilitadas en 2020 como revulsivo ás consecuencias sociais nas que comezaba a derivar a pandemia e coas que, dende o Concello, se pretende seguir ofrecendo apoio a todas aquelas iniciativas locais coas que se acade a xeración de emprego. As bases do procedemento incorporan como novidade que os criterios de valoración puntúan a inclusión de actividades de fomento da igualdade entre homes e mulleres

para combater a discriminación feminina, que na composición da directiva exista un número de mulleres superior ao 50% e que a actuación vaia dirixida a colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Poderán acollerse a estas achegas —que terán unha contía máxima de 2.500 euros coa que se pode cubrir até o 90% da acción— as entidades sen ánimo de lucro que teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de actividades de fomento, promoción económica, comercio e formación empresarial que persigan a mellora e recuperación do municipio e a creación de emprego, autoemprego ou de novas empresas.

Adegas Lugo aproba a renovada directiva

Adegas celebrou a súa Asemblea Xeral bianual, na que se renovou a directiva da delegación e aprobáronse as futuras liñas de traballo. Aprobouse por unanimidade a renovación da Xunta Directiva, na que Adela Clorinda Figueroa Panisse será a presidenta; toma o cargo de vicepresidente Rubén Vidal, Esther Gómez Fórneas renova como secretaria, Xose Manuel Rodríguez Fernández como tesoureiro e como vogais Ana Mª Santamarina, Luz Susana Seoane e Lucía Anido. Así mesmo, aprobáronse varias liñas de traballo.



XOÁN MONTES. Lugo realizou a 39ª ofrenda floral ao músico Xoán Montes, organizada polo Orfeón Xoán Montes, para homenaxear a un dos músicos máis internacionais de Lugo que cumpre 122 anos do seu pasamento.

Frigsa abriu as súas piscinas

As piscinas exteriores de Frigsa abriron ao público ata o 15 de setembro garantindo todas as medidas de seguridade, incluíndo de novo o control no acceso (entrada e saída) e os límites de aforo. O aforo máximo permitido da instalación será de 300 usuarias e usuarios. O espazo verde estará delimitado en 5 zonas para evitar aglomeracións de grupos, así coma que se manteña a distancia de seguridade. Os aseos dos vestiarios e as duchas exteriores poderán ser utilizadas polos bañistas. O horario de apertura das piscinas

será de luns a venres, de 12:00 a 20:30 horas e, de 12:00 a 20:00 horas, os sábados e os domingos. Os prezos mantéñense en relación a tempadas anteriores e serán de 1 euro para a mocidade até os 15 anos (10'80 euros o abono de 15 baños); de 2'20 euros para adultos, maiores de 16 anos, (22'30 euros o custo do abono). Para pensionistas o abono terá un custo de 11'10 euros e para familias a partir de tres membros será de 29,90 euros (o abono de 15 baños) e 59,10 euros (o abono de 30 baños).

25 de xullo



DÍA

Os tempos son chegados dos bardos das edades

NACIONAL

que as vosas vaguedades cumprido fin terán;

DE

pois, donde quer, xigante a nosa voz pregoa

GALIZA

a redenzón da boa nazón de Breogán.

infraestruturas

Comezan as obras na Rolda entre as rúas Santiago e Vilalba

Comeza a transformación do percorrido entre a rúa Santiago e a rúa Vilalba, onde se realizou hoxe o corte de tráfico e se levará a cabo a construción dunha nova beirarrúa que permitirá gañar espazo peonil. Rubén Arroxo, presente na visita á Rolda da Muralla, explicou que “aproveitamos para realizar a obra nas semanas con menos tráfico do ano, tratando de reducir ao máximo as molestias á veciñanza”.

“No 2020 habilitouse un paso peonil provisional nunha zona a carón da muralla que case non tiña beirarrúa, e na que os vehículos pasaban pegados ao monumento, e este ano damos un paso máis no proxecto global de humanización da Muralla que levamos aplicando desde a nosa chegada ao goberno”, declarou Rubén Arroxo.

O proxecto que se levará adiante “permitirá transformar o entorno da Rolda da Muralla, non só aumentando o espazo peonil, senón renovando a zona da Porta de Santiago dando unha mellor estética ao punto da cidade no que se xuntan os tres Patrimonios da Humanidade cos que contamos”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “isto permitirá ampliar a actuación no futuro, cando

se avance na peonalización total da Rolda da Muralla”.

O alumeadado deste treito tamén se renovará, instalándose 9 novas luminarias LED tipo RGB, que permitirán unha iluminación ás distintas horas e á luminosidade do día. O alumeadado permitirá variar a luminosidade do monumento segundo a hora do día, mostrando luces de tonalidade cálida na noite e luz fría durante as mañás. “Isto mellorará a percepción visual da Muralla”, explicou Arroxo. En canto á circulación do tráfico, Rubén Arroxo avanzou que “os vehículos contarán con maior fluidez, ao modificarse o cruce da Rolda da Muralla coa rúa Santiago”. Con esta actuación, o cruce pasará de ter un semáforo de 3 tempos a ter preferencia o tráfico que circule pola rolda, tendo un ceda o paso os vehículos que se acheguen pola rúa Santiago.

Mentres se executen os traballos, o tráfico desviarase polas rúas Cidade de Viveiro e Pascual Veiga que cambiarán o seu sentido de circulación, onde se eliminaron de xeito provisional unha serie de prazas de estacionamento para facilitar a circulación e a maniobrabilidade do bus urbano. A rúa Vilalba será bidireccional men-

tres se executen os traballos para permitir o acceso aos garaxes.

PRIMEIRA CATA DA MURALLA. Os equipos de arqueoloxía están a rematar as catas arqueolóxicas da Mosqueira. Así pois, grazas a esta escavación permítese ampliar os coñecementos sobre a cimentación da muralla e ampliar a documentación coa que contamos sobre este treito. Trátase da primeira vez na que se realiza unha cata transversal na muralla, o que permitiu aos equipos de arqueoloxía contar cunha aproximación moi real sobre a estratificación da zona e o inicio do foso. Os traballos demostran que a muralla tiña un sistema defensivo de 60 metros de ancho, que incluíría un foso de 25, un intervallum (ronda interior) de 9 metros, un lenzo de 7 metros e 6 metros de cubo. Atopáronse tamén canalizacións, o que demostraría a existencia de auga no foso, cunha profundidade de 4 ou 5 metros.

A nova praza peonil resultante será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira.



Arroxo supervisando as obras



LIMPEZA. O Concello de Lugo insta á Xunta de Galicia a limpar a muralla e cumprir, así, coa súa obriga de mantemento deste Ben Mundial. Así o solicitaron dende o concello para que o executivo autonómico acometa a realización dos traballos ordinarios de conservación do monumento histórico..

Cidadáns insta á municipalización do servizo de guindastre

A voceira de Cs, Olga Louzao, propón iniciar o expediente de municipalización do servizo de guindastre. Aposta por crear a comisión de estudo como está previsto na normativa, para que proceda a elaboración dunha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros na que deberá determinarse a forma de xestión.

“Dado que o compromiso do Goberno local era avanzar na municipalización deste servizo, e tendo en conta, ademais, que hoxe é socio do goberno quen propuxo xa no 2015 o inicio da mesma. Desde o grupo municipal de Cs Lugo consideramos que é o momento de iniciar o expediente de municipalización deste servizo sen demora, para que en 2022 se así de dictamina no citado expediente, este servizo poida ser prestado directamente por esta administración”, sinalou a concelleira de formación.

“A situación do servizo de guindastre é un dos moitos que se atopan sobredimensionado e que supón un gasto excesivo para as arcas municipais”, proseguíu a concelleira.

Continúa os cambios no alumeadado público nas rúas

Come a renovación do alumeadado público en sete rúas da contorna da avenida das Américas, onde se mudarán as luminarias antigas que utilizan materiais contaminantes como vapor de sodio ou mercurio por luminarias LED, de baixo consumo enerxético e menor impacto ambiental.

Esta actuación terá lugar nas rúas Músico Soutullo, Músico Falla, Alcalde Carlos V. Pimentel, Bidueiro e Sabugo, e parcialmente nas rúas Pomar e Ameneiro. Alexandre Penas explicou que “esta actuación levarase a cabo cos preto de 33.000 euros aforrados na renovación integral do alumeadado da Fonte dos Ranchos, onde se atoparon canalizacións en bo estado que non requiriron de renovación”.

RESTO DA CIDADE. Tamén se adxudicaron as renovacións do alumeadado público no grupo da Paz e na Residencia.

Na zona da Residencia, renovárase o alumeadado das rúas Río Ulla,

Azalea, Escultor Asorei, Río Lor, Portugal, Amizade e Evaristo Correa Calderón. Trátase de alumeadado completamente novo, renovando a infraestrutura existente. Elimínanse en total 50 luminarias de 75, 150 e 250W de distintos tipos altamente contaminantes, como vapor de mercurio ou sodio, mudándose por luminarias LED de distintas potencias segundo a necesidade de cada rúa. O consumo eléctrico pasará de 9.675W a 5.681W, aforrando en total 6.15 Tn de CO2 ao ano. A actuación foi adxudicada por 208.626,59 euros. No grupo da Paz adxudicouse por 55.953,80 euros a renovación das luminarias das rúas Pardo de Cela, estralote, carpaza, Santo Domingo da Calzada (zona peonil), Alecrín, Teixo, Acibro, Camelia, Ligustro, Filgueira, Bataneira, Estrelamar, Roseira e Torques. En total substituíranse 48 luminarias. Nesta intervención aproveitarase a instalación existente, soterrando os cruzamentos aéreos do alumeadado.

Infraestruturas avanza na renovación do firme de varios viais das Gándaras

O tenente de Alcalde, Rubén Arroxo, anunciou a adxudicación da renovación do firme de nove rúas e varios ramais de acceso que se executarán no barrio das Gándaras. “Damos resposta a unha solicitude veciñal, realizando unha actuación integral no barrio que mellorará os viais e os accesos ás Gándaras”, explicou Rubén Arroxo.

A área de Infraestruturas actuará nas rúas Vagalume, Bolboreta, Paporrubio, Galo, Gaivota, Toledo, Areas, Rola, Camiño de Gustavo e Pombo, ademais dos ramais de acceso da rúa da Rola á Avenida Adolfo Suárez, Bolboreta a Monte Pía Páxaro e Adolfo Suárez á Urbanización Castro Gil. A actuación consistirá nunha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará un selado do firme ante a acción da auga e unha prolongada duración da actuación. Ademais, renovárase a sinalización horizontal, que se mellorará nos cruces complicados.



Arroxo, presentando o plan

A execución desta obra foi adxudicada a Francisco Gómez y Cia SL, cun orzamento de 184.149€ e un prazo de execución de oito semanas. “Continuamos a traballar na mellora dos barrios da cidade e das zonas periurbanas, mellorando a calidade de vida das veciñas e veciños que a diario utilizan os viais”, afirmou Arroxo.

Comezan a ser visibles os cambios no urbanismo

A rúa Quiroga Ballesteros únese á rede de rúas peonís e rematan obras nas rúas Esquecemento e República Arxentina

A rúa Quiroga Ballesteros uníuse á rede de rúas peonís de Lugo. A actuación realizada en Quiroga Ballesteros incluíu a renovación do saneamento, as instalacións eléctricas e o alumbeado público, ademais da renovación de rexistros e a instalación de novo mobiliario urbano.

Ademais, ampliouse a zona de execución, mellorando tamén a estética da parte baixa de Santo Domingo, no treito de dobre curva que se atopa pegado á saída do aparcadoiro.

A rúa Quiroga Ballesteros únese aos 46.934 metros cadrados de rúas peonís da zona centro, contando as zonas peonís de dentro da muralla e o treito peonalizado da Ronda.

“Con esta actuación ampliamos o espazo peonil ata chegar a completar un total de 49.584 metros cadrados de espazo para a veciñanza”, explicou Rubén Arroxo. Os espazos peonís do centro continuarán a incrementarse nos vindeiros meses, coa incorporación dos 3.660 metros cadrados do treito da Mosqueira, que está en execución.

O ESQUECEMENTO. A rúa do Esquecemento xa rematou as súas obras de peonalización, así coma os graffitis levados a cabo pola xuventude participante do Urban Cores. Así pois, a rúa converteuse nunha zona peonil pavimentada con formigón impreso con estética de madeira, que acolle un dos primeiros parklet que se están a instalar na cidade (xa se colocou outro no canil das Estantigas). Con este tipo de estruturas búscase ampliar o espazo dos peóns, así coma aumentar as zonas verdes da cidade.

Pero, ademais, a transformación da rúa vén tamén da man da mocidade que está a participar no primeiro



Visita á rúa Quiroga Ballesteros ao remate das obras e, á dereita unha vista do novo trazado peonil



Obras na República Arxentina, á esquerda, e Esquecemento, á dereita



programa Urban Cores e que está destinado ao embelecemento da cidade pero plantexado como un recurso lúdico-formativo dirixido á xuventude máis vulnerable.

A rúa do Esquecemento foi un dos lugares elixidos para programar actividades e talleres de graffiti nos que os mozos e mozas participan nas obras e comparten experiencias cos artistas invitados, unha representación das e dos artistas máis puxantes

de Lugo e Galicia. O éxito foi tal que a veciñanza comezou a ceder máis paredes das súas propiedades na mesma rúa para que se amplíen os muros nos que estaba previsto actuar.

REPÚBLICA ARXENTINA. O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, visitou xunto co edil de Infraestruturas Alexandre Penas a rolda da República Arxentina, onde continúa a traba-

llarse na ampliación de beirarrúas, no treito entre Pintor Corredoira e a rúa Santiago. Rubén Arroxo explicou que “a nova beirarrúa está rematada e a día de hoxe falta só desprazar a instalación do alumbeado público para garantir o paso”.

A área de Mobilidade e Infraestruturas inviste 62.974,45 euros nesta actuación, que estará rematada nas vindeiras semanas. Os traballos inclúen a renovación do pavimento

con baldosas de formigón, aumentando o ancho da beirarrúa, ademais da renovación da rede de sumidoiros da zona e o desprazamento da instalación de alumbeado público até a nova marxe.

Rubén Arroxo afirmou que “esta intervención é necesaria para favorecer a accesibilidade das veciñas e veciños de Lugo, ao mesmo tempo que se melloran as instalacións e os servizos públicos”.

O PP denuncia que a igrexa da Nova segue sen rampla

O PP de Lugo defende que a parroquia da Nova leva oito anos esperando por unha autorización para poñer unha rampla, no lateral da rúa San Pedro, que facilite o acceso a persoas con mobilidade reducida. “Dous alcaldes e catro concelleiros de urbanismo e non deron unha solución a esta petición” lamentaron os populares. O viceportavoz popular, Antonio Ameijide, avanzou que volverá pedir explicacións “dos motivos polos que PSOE e BNG non conceden a licenza a este proxecto que conta coa aprobación previa de Patrimonio da Xunta e cun informe favorable do Gabinete municipal de accesibilidade do 30 de abril de 2015”.

O BNG denuncia o estado de abandono do barrio da Tinería



O BNG volveu facer unha nova acción no barrio da Tinería para visibilizar os 4498 días de abandono dos proxectos iniciados cando o BNG tivo responsabilidades no goberno da Xunta. Rubén Arroxo explicou que “desde a volta do Partido Popular ao goberno galego paralizouse unha rehabilitación moi

necesaria para o centro de Lugo”. O BNG organizou nesta ocasión unha concentración no barrio, onde as asistentes mostraron mensaxes solicitando a rehabilitación do barrio. “As representantes do BNG no Parlamento Galego levan desde o ano 2009 esixindo á Xunta que continúe este proxecto”, explicou.

Adxudicada a eliminación do tapón urbanístico na rúa Fistera

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de adxudicar as obras de eliminación do tapón urbanístico da rúa Fistera de Lugo. O contrato foi adxudicado á empresa Urbacansa Lugo, por máis de 48.000 euros. Os traballos comezarán este mes, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos dunha superficie de 80 m². Esta franxa de expropiación foi delimitada atendendo á liña reflectida no Plan xeral de ordenación municipal vixente. A intervención impulsada na estrada autonómica LU-114 ten un prazo estimado de execución de 3 meses e busca solucionar o estreitamento da calzada mediante a mellora e ensanche na marxe dereita da vía no punto

quilométrico 1+100. Segundo o proxecto de construción, as obras consistirán no ensanche e mellora deste punto, corrixindo o estreitamento na contorna. Para iso, levarase a cabo a ampliación da plataforma para albergar un carril de circulación, unha beirarrúa de 1,75 metros de ancho na marxe dereita que dea continuidade ao itinerario peonil e unha banda de aparcadoiro. Os traballos incluírán a demolición das edificacións e instalacións existentes, así como o muro de contención. Construírse, durante a execución das obras, un muro para contención de terras cunha altura máxima de 2 metros e un novo peche para a parte non expropiada.

Revés para o Club Fluvial

A CHMS rexeita a concesión da entidade e lle obriga a desmontar a piscina infantil e deixar paso libre para os traseúntes

O presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, José Antonio Quiroga, tivo que presentarse ante os medios para explicar os cambios decididos sobre a concesión do Club Fluvial. Así pois, tratáronse dous puntos fundamentais: o dominio público hidráulico e as concesións ás que estivo sometido o Club Fluvial, a causa da primeira cuestión.

Según Quiroga, a concesión do Club Fluvial arrancou en 1998, ano no que se produciu a primeira delas. Este tipo de concesións son por 20 anos, polo que a finalización da mesma produciuse no ano 2018. Dende o Club Fluvial solicitaron unha nova para continuar coa explotación dos terreos, sen embargo, esta decaeu pola falta de documentación que se require. Así mesmo, Quiroga destacou que este tipo de concesións se ofrecen en concurrencia competitiva polo que, ademais do Fluvial, tamén solicitaron esta concesión o Forus e un grupo ecoloxista, entidades ás que tampouco se lles concedeu.

Xa no ano 2020, o Club Fluvial voltou a iniciar un novo procedemento de concesión ao que tamén incurriu un grupo ecoloxista que non aportou documentación, polo que xa decaeu en primeira instancia. Polo seu lado, “o Club Fluvial decae porque o proxecto que presenta non contempla a eliminación de certos obstáculos ou construcións que están no dominio público hidráulico. Ese é o motivo polo cal decae o segundo intento de concesión do Fluvial”, argumentou Quiroga. Así pois, os obstáculos aos que se referiu o presidente son: a piscina que se atopa no cauce do río, o peitoril que se atopa entre terra firme e o río e o peche da servidume, elementos que o Fluvial non contemplou demoler e que, por esa razón, a concesión non seguiu adiante. Por outro lado, hai outras instalacións que poden desaparecer ou someterse á disposición do plan hidrolóxico, como son as pistas de tenis ou algunha das canchas.

A continuación, tamén sinalou que sempre que algunha entidade solicite o proceso de concesión se abriría un novo prazo para ela, sempre dende o ámbito da concurrencia competitiva. No caso actual do Club Fluvial, este ten a opción de recurso diante da propia Confederación ou de recurso contencioso administrativo e, polo momento e tal e coma comentou o presidente, o Fluvial redactou un escrito para a petición dunha mesa de diálogo á que “se lle dará cita”.

Finalmente, Quiroga sinalou que o Club Fluvial aínda vai a poder manter a actividade ao longo deste verán coma realizou durante o tempo que pasou dende que se iniciou o expediente de caducidade ata agora “debido á petición de concesión e a que os trámites están en proceso”.



TERRITORIO DE DOMINIO PÚBLICO.

Dende a Confederación quixeron deixar claro o que se denomina dominio público hidráulico, xa que é por iso polo que decae a concesión número dous do Fluvial “o dominio público hidráulico é un terreo público e pódese considerar coma aquela zona colindante do río que, nun período entre 3 e 5 anos, resulta inundado. Despois deso, o que se establece é o paso de servidume, que son 5 metros. Hai que aclarar que se pode conceder unha servidume alternativa se é que a servidume a partir do dominio público hidráulico é difícil ou imposible ou causa un grande perxuízo. Neste caso en concreto ofrecíase ao concesionario unha servidume alternativa”.

No plano pódese diferenciar a liña que marca o límite de DPH cartográfico, así coma o límite da zona de servidume e as construcións que quedan dentro desa limitación.



Arriba, o plano da CHMS e, abaixo, o caneiro anegado e, á dereita, unha imaxe do peche da finca reservada para o club



Unha aposta para facer a praia fluvial

Dende Adega consideran “satisfactoria esta resolución, por canto por fin se atenden as reclamacións feitas durante décadas, a prol da liberación da zona de servidume coa retirada de valados e portas que impiden o tránsito desde o río á terra de persoas e animais. A entidade deportiva leva incumprindo esta condición á que se vincularon todas as concesións que lle foron outorgadas, e polo que o organismo de bacía xa lle leva imposto varias multas coercitivas. Dende Adega solicitamos a retirada de todas as instalacións que son ilegalizables”.

Ademais, engaden que están “ante unha oportunidade única e irrepetible de recuperar este treito do río Miño para uso público, garantindo a conservación dos valores naturais, e liberar a zona de servidume de obras que hoxe en día son cuestionables desde o punto de vista ambiental e social. Pensamos que no século XXI, e nun contexto global de cambio climático, xa

non teñen cabida autorizacións ou concesións en dominio público hidráulico que traten de perpetuar para as vindeiras décadas zonas de baño privadas ou de uso exclusivo para uns poucos e obras que interrompen o acceso ou paso público á zona de servidume”.

No caso concreto do concello de Lugo, dende Adega pensan que “desde hai cinco anos, tanto o goberno local como os grupos da oposición, están a promover de xeito desenfocado e errático a ocupación e alteración de novos treitos naturais do río Miño para a creación dunha praia fluvial pública, cando poderían estar apostando por fórmulas que permitisen o aproveitamento dos recursos xa existentes e que fosen satisfactorias para o conxunto da cidadanía”.

“Neste senso, é preciso destacar que o treito de río apropiado cando menos nos últimos 60 anos polo Club Fluvial é o único do Miño ao seu paso por Lugo que está recoñecido como

zona de baño e que, por tanto, o único que conta coas mínimas análises e garantías de seguridade e de sanidade ás que obriga a lexislación vixente. Ningunha das outras alternativas ata agora expostas polo Concello e polos grupos da oposición contan con este obrigado recoñecemento, presentando, pola contra, serias dúbidas de viabilidade, ben polo seu impacto ambiental e paisaxístico, ben pola falta de profundidade do río ou ben polas poucas garantías de seguridade das instalacións” comunicaron dende a asociación.

Así pois, instan ao Concello a que presente a correspondente solicitude de concesión para o uso dese treito do río Miño como zona pública de baño. Neste mesmo trámite, o Concello tamén poderá solicitar a declaración de utilidade pública do proxecto e a imposición das servidumes que se consideren necesarias para poder converter ese treito fluvial en zona pública de baño.



Descontento de parte dos socios coa xunta directiva

► Afirman que non responderon as preguntas nin mencionaron as consecuencias da situación

Os socios do Club Fluvial denunciaron a “mala xestión” que están a realizar dende a entidade despois da asamblea xeral á que asistiron menos de 30 socios. Esta asamblea, según socios que participaron nela, “foi atípica. O tempo que estivemos alí, sobre dúas horas, foi un monográfico sobre o que pasou coa concesión xa que tanto as contas coma o presuposto se aprobaron con unanimidade e sen preguntas. Por iso, a maior parte do tempo o presidente deu explicacións sobre por que se perdera a concesión e incluso se falou da contratación da mellor avogada ambiental de España, para que lles levara todo o tema da renovación da concesión e que entrou posteriormente por videoconferencia. Ela deu unha serie de explicacións que, basicamente, se resumen en que a Confederación lles denegara a concesión despois de haber presentado o proxecto para solicitarla para o aproveitamento do río polos máximos anos legalmente posibles”, sinalaron. Con isto, os socios explicaron que o Fluvial, actualmente, non ten a concesión do aproveitamento da praia fluvial, pois é unha zona de aproveitamento público xa que é un espazo do cauce do río. Así mesmo, non ter esa concesión implica que todas as instalacións que se atopan na zona de aproveitamento atópanse sin licenza. “O presidente, lonxe de recoñecer que a xunta directiva tivo que facer algo mal para que non lles deran unha concesión que ten o Fluvial dende fai máis de 80 anos, xustificou isto cunha persecución das administracións cara a súa persoa sen aportar ningunha proba. Decir isto dunha administración pública é tanto coma dicir que se ditan resolucións arbitrarias,

algo que é considerado prevaricación” completaron.

A Confederación Hidrográfica do Norte resolvera favorablemente, en 1998, o aproveitamento da auga a derivar no río Miño e a concesión da ocupación dos terreos de dominio público hidráulico por un prazo de vixencia da autorización de 20 anos. Así pois, en 2018 o Club Fluvial ingresou na Confederación Hidrográfica a instancia solicitando unha nova autorización por un prazo de 50 anos ou do máximo legalmente previsto “da ocupación e legalización das instalacións existentes na actualidade”. Sen embargo, a Confederación non deu dita renovación por desestímulo, xa que se presentou unha documentación adicional e dende o Club Fluvial nunca contestaron a ningún requirimento da Confederación Hidrográfica.

Así mesmo, tamén comunicaron que na asamblea non falaban de ningunha solución, senón que o único que teñen claro é que a sanción é firme e que se pon fin á vía administrativa. “Pódese ir a un contencioso que se vai alargar no tempo pero que, sen embargo, a sanción xa se executa polo que habería que levantar o parking, a piscina e a cancha de tenis. Dende a directiva aínda están decidindo que estratexia van a seguir. A avogada, de feito, defendeu que poden avogar a que estas instalacións levan moito tempo ahí, sen embargo, o que pasa é que perderon a concesión e, unha vez que a perdes, téñencha que volver a dar.

Os socios tamén quixeron destacar a pouca información que trasladaron dende a xunta directiva na que apenas se responderon ás preguntas nin lles mencionaron consecuencias.



De arriba a abaixo, as pistas deportivas, o aparcadoiro e o edificio principal

► Críticos do Fluvial piden a dimisión da xunta directiva e queren crear unha xestora

Críticos do Club Fluvial, unha plataforma creada a través das redes sociais que conta xa con 600 membros, pide a dimisión da xunta directiva do Club Fluvial, así coma a extinción da xunta xeral de socios compromisarios. Así mesmo, os críticos denunciaron o labor que están a realizar dende o Club Fluvial onde, xa en 2019, se dirixiron aos socios para tranquilizalos “eran optimistas sobre a concesión da licenza porque eramos o Club Fluvial e propietarios dos terreos e, mentras nos tranquilizaba, non contestaba a ningún dos requirimentos da CHMS polo que quedou deserta”.

Algo que, según comunican, repetiu en 2021 xa que se contaba coa mellor avogada medioambiental de España. Así mesmo, o colectivo sinalou que a citada resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de seis folios, inclúe informe da Avogacía do Estado e pon fin á vía Administrativa, sendo por tanto firme e executable, aínda que se abra a posibilidade ao Club de recurso potestativo de reposición ante o órgano que dita a propia Resolución ou ben, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.

Ademais, o colectivo explica que dende a directiva se obtaculizou a transparencia na xestión e que actualmente, o club ten unha sanción de 50.000 euros por executar un parking sen a preceptiva licenza da CHMS e coa obriga de repoñer a legalidade. Por outro lado, outro dos aspectos que destacan é a expulsión de catro socios, nun expediente sancionador que “cando menos merece a consideración subxectiva de ser considerado irregular, dende o principio ata a súa

a ratificación, en masa, por parte da Asemblea”. “O presidente anunciou que el mesmo interpuxera varias queixas e denuncias contra os presuntos injuriadores. Ben, a realidade é que presentou unha denuncia, que foi arquivada polo Xulgado de Instrución número 1 de Lugo”, comentaron. Dende o colectivo crítico explicaron que a día 31/12/2020 o club ten unha débeda de 1.928.581,54 euros, unha sanción por 50.000 euros máis a reposición da legalidade da mesma, perdeu, por segunda vez, a concesión da explotación da praia fluvial e parte das instalacións desta atópanse sen licenza.

Por esta razón, defenden que “é unha situación crítica que xa anunciamos en setembro de 2020, cun dossier informativo que foi silenciado e/ou contrarrestado por declaracións do presidente”. Por iso, reiteran o solicitado naquel momento: a dimisión inmediata da xunta directiva e, como consecuencia, a extinción da xunta xeral de socios compromisarios; a readmisión inmediata, mediante convocatoria de Asemblea extraordinaria, dos socios expulsados, simplemente por criticar unha xestión que os feitos demostraron que era máis que criticable e nomear unha xunta xestora provisional.

Así mesmo engaden que a xunta xestora provisional deberá retomar inmediatamente as relacións coa Confederación e tratar de reconducir a solicitude de renovación para legalización o uso da zona afectada e salvar ao Club da súa desaparición, así como revisar todos os contratos de obras dos últimos 5 anos, realizar unha auditoría forense externa e coñecer a realidade da situación.

Anuncian o novo contrato de mantemento de zonas verdes

O Concello de Lugo presentou o novo contrato para o mantemento das zonas verdes do municipio. Nel trátase o coidado integral de parques e espazos axardinados da cidade nos que primará e se terá en conta a sustentabilidade e calidade ambiental.

A licitación duplica a superficie que que dará atendida pero tamén e, por tanto, multiplica considerablemente o seu custo, pasando, respectivamente de 607.804 metros cadrados a 1.366.273 metros cadrados e, de 817.951 euros ao ano a 3.667.896 euros. Dende o Concello deuse a coñecer que o contrato, que terá unha duración de cinco anos, improrrogables, abrangue a totalidade de traballos de conservación e limpeza das zonas verdes.

Non só se realizarán traballos nas especies vexetais, senón tamén no mobiliario urbano -fontes, estanques e mesmo o estado que presente o pavimento-. Tamén se atopan os canís e os espazos

verdes de nova creación que, con motivo de obras futuras, ampliacións, cesións, recepcións de urbanizacións e adquisicións de todo tipo incrementen a superficie de actuación municipal, respectando as mesmas condicións que contempla a adxudicación.

A nova adxudicación contempla a contratación de medio cento de operarios, en diferentes postos de traballo, cunha pequena variación que oscila entre os 47 empregados que deben figurar no cadro de persoal en tempada baixa – de decembro a febreiro – e os 52 que debe manter o resto do ano. Isto significa que o cadro de persoal, que é subrogable e actualmente dispón de 31 operarios, experimentará un incremento en torno a un 68%.

A empresa deberá dotarse de medios materiais e mecánicos para executar o seu cometido. En total, pasarase de 166 unidades de maquinaria a 186 (un 12% máis).

O PP propón o desmantelamento dos paneis solares do Ceao

O Partido Popular propón ao Goberno bipartito que desmantele os paneis solares do Ceao hoxe convertidos nun residuo urbano xa que “a primeira ollada calquera pode comprobar o avanzado estado de deterioración que sofren os distintos elementos que o conforman”. Desde o Grupo Popular razoa esta proposta indicando como “neste momento nin se pode gozar deste espazo como zona verde, nin se pode aproveitar a infraestrutura que o PSOE montou hai 14 anos coa idea de fomentar o uso de enerxías alternativas”.

O Partido Popular advertiu desde o primeiro momento do fracaso deste parque de enerxías alternativas que se inaugurou en 2007 e no que se malgastaron preto de 800.000 euros”. “Confirmanse os nosos peores prognósticos: estamos ante o que foi unha montaxe propagandística do PSOE e que nos venderon como un modelo sostible de enerxía limpa chegando a falando de obter be-



Os concelleiros do PP visitando o lugar

neficios de 16.000 euros anuais por esta instalación cando, finalmente, de todo o anunciado o único que se contabilizaron son uns beneficios de 9.400 euros que se rexistraron durante os poucos meses nos que nos consta que funcionou a planta”. Desde o Grupo Popular entenden que despois dos continuos despropósitos desta infraestrutura é hora de tomar unha decisión definitiva sobre esta instalación “obsoleta e

abandonada que recibe aos que entran á cidade desde a autovía pola entrada do polígono do Ceao”.

Antonio Ameijide avanzou que o seu grupo solicitará que se estude a posibilidade de crear neste espazo unha infraestrutura útil para o polígono como podería ser “un punto de recarga de vehículos eléctricos, un espazo para aparcar, ou zona de espaxamento ... adaptando o chan á normativa necesaria”.

Comeza o plan integral de limpeza en Casás e Abella

O plan de concentración de dispositivos municipais para abordar, dunha maneira integral, a limpeza dos barrios de Lugo chegou aos barrios de Casás e Abella, despois de finalizar no barrio de Castiñeiro.

Os traballos abranguen, de forma simultánea e coordinada, a roza – tanto de vías como de predios municipais – o varrido mixto das rúas e bordos, a limpeza dos sumidoiros e dos colectores así como dos bancos e resto do mobiliario urbano con máquinas a presión que tamén se empregarán na eliminación de graffiti, o baldeo das rúas e perfilado do céspede. Tamén se desherbaran os camiños interiores das zonas verdes e colocárase planta

con flor, alén de limpar e amañar os alcorques das árbores e de podar sebes e arbustos.

Ademais, procederase á limpeza da rede de sumidoiros e o desherbado de rúas e roza dos soares municipais, complementando esta acción cos 341 expedientes tramitados por acumulación de maleza en predios particulares aos propietarios que non están a cumprir coa súa obriga de mantelos en bó estado, “tramitándose nos barrios e Casás e Abella un total de 16” apuntou o edil.

Unha vez finalicen as tarefas de limpeza nestes barrios, procederase a traballar en A Residencia, Gándaras, Sagrado Corazón e Galegos.

Continúa a renovación da rede de abastecemento da Cheda

Continúan os traballos de renovación da rede de abastecemento da Cheda. Unha intervención coa que se pretende eliminar o fibrocemento que segue presente nas antigas canalizacións do barrio e substituílas por outras de fundición, moito máis resistentes, duradeiras e con menos contaminantes.

O que se pretende é avanzar no plan municipal para erradicar a presenza

de substancias na traída da auga ao que se destinan 1,2 millóns de euros co obxectivo de que se produzan menos incidencias.

Así mesmo, dende o Concello de Lugo sinalan que a inversión é de 248.461 euros e xa se suma ás obras desenvolvidas ou en execución noutros puntos da propia cidade, onde tamén se procedeu á renovación da rede de saneamento.

O custe de demolición do Garañón supón 970.000 euros

As torres do Garañón están próximas á súa desaparición. Lara Méndez anunciou que, por unha banda, o executivo local someterá ao Pleno deste mes a aprobación dunha modificación de crédito para darlle cobertura económica á derruba do inmovible e, pola outra, que a Xunta de Goberno Local aprobará mañá a proposta elaborada dende Sostibilidade Urbana para escoller os usos dos terreos nos que se atopa a edificación.

Así o ano pasado foi adxudicada á empresa GAU Arquitectura e Urbanismo unha asistencia técnica para que elaborase un estudo de alternativas que seguisen esas tres premisas, do que saíron catro solucións que van dende a conversión de todo o espazo en zona verde até un porcentaxe de edificación menor que é o máximo permitido polo Plan Xeral.

Logo de que todas as opcións foran avaliadas e informadas polos técnicos municipais, e co obxectivo de desprendelas de calquera carga política e/ou ideolóxica, elaborouse “unha proposta baseada na interpretación obxectiva, mediante unha cualificación numérica, na que se concilian os tres parámetros a ter en conta, en tanto resulta imposible, por exemplo, realizar unha



determinación métrica ou cuantitativa exacta dun concepto como pode ser o impacto visual”, dixo a rexedora.

Deste xeito, a Xunta de Goberno de mañá validará a denominada como Alternativa 0 sendo esta – segundo sinalou Álvaro Santos – a que implica eliminar o aproveitamento lucrativo en todo o ámbito, manténdose, non obstante, as cesións existentes de equipamentos que se sitúan en conexión co viario interior das costas do parque e a explanada no pavillón para optimizar a súa funcionalidade e versatilidade.

Despois do trámite que se realizará

mañá, o Concello dará traslado da resolución a GAU para que inicie a Fase 1 do contrato e, no prazo de tres meses, reúna a documentación necesaria co fin de remitirla á consellería de Medio Ambiente aos efectos da avaliación ambiental estratéxica do proxecto de modificación puntual do PXOM.


Paralelamente, o Goberno de Lara Méndez, en base ao procedemento de execución subsidiaria e no caso de non acometer o propietario dos terreos o derribamento do Garañón, habilitará este mes a consignación orzamentaria necesaria para levalo a cabo de forma inmediata.

O Concello dá alternativas ao carril bici de Marqués de Ombreiro

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, convocará á veciñanza de Marqués de Ombreiro para presentarles, in situ, as alternativas, elaboradas polos técnicos municipais, ao proxecto do Carril Bici nesta zona.

A rexedora explicou que “o persoal vinculado ao desenvolvemento desta iniciativa está a estudar as alternativas que poidan mellorar a senda ciclista ao seu paso pola zona, ao mesmo tempo que avalían as propostas trasladadas polos lucenses que viven no barrio da Residencia e polo que discorre parte do itinerario de 14 quilómetros que comprende a actuación coa que se unen 8 barrios da cidade e a cotorna fluvial”.

Lara Méndez lembra, así mesmo, que os traballos aínda non finalizaron, de maneira que a configuración que amosa neste intre o Carril Bici non é a definitiva “e a prevista xa contempla moitas das demandas realizadas pola cidadanía e outras que a veciñanza trasladou ao persoal municipal nestas últimas semanas co obxectivo de reverter as disfuncións propias da execución dunha obra deste calado”.



APARCADOIROS. Continúa a ampliarse o número de aparcabicis colocados na cidade coa instalación de novas prazas no aparcadoiro municipal do Seminario Menor. Ademais de novos aparcabicis, habilitáronse neste aparcadoiro novas prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida. O aparcadoiro pode utilizarse de xeito gratuito por toda a veciñanza durante as tardes pola semana, e todo o día fins de semana e festivos.

QUEIXAS. A portavoz municipal de Cs, Olga Louzao instou á alcaldesa, Lara Méndez, “a abrir un período de reflexión, recoñecer as críticas e enmendar os numerosos erros na execución do proxecto do carril bici”. “Cando se anunciou esta obra como gran elemento transformador da cidade xa advertimos que a concepción do proxecto responde a formula-

cións de mobilidade actualmente obsoletos. Cando a gran maioría das cidades europeas de todos os tamaños apostan na actualidade pola convivencia de vehículos de propulsión coas bicicletas nas mesmas vías no trazado urbano, Méndez decidiu por unha solución que fracasou non en poucas ocasións”, advertiu a concelleira da formación laranxa.

Anuncian a modificación dos aparcadoiros soterrados

A transformación dos estacionamentos públicos soterrados da cidade, o coñecido como 3x2, “dará comezo de forma inmediata e progresiva, empezando polo da praza de Ferrol. O obxectivo é adaptar o tamaño dos estacionamentos aos estándares urbanísticos actuais que recolle o PXOM, atendendo así a unha demanda social na que dende o executivo local levamos anos traballando”, asegurou a alcaldesa, Lara Méndez.

A rexedora deu conta de que a Xunta de Goberno autorizou hoxe a modificación do contrato da concesión administrativa pola que se rexe a explotación dos parkings soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e da Constitución.

“Con esta medida o que pretendemos é facer dúas prazas no espazo de tres, de maneira que mellore a accesibilidade aos estacionamento e, polo tanto, a comodidade das persoas usuarias. Será un gran paso, ademais, para facilitar as compras no casco histórico e na súa contorna e dinamizar o sector comercial e hos-

taleiro”, afirmou a alcaldesa.

A rexedora lembrou que a adxudicación data do ano 1986. “É dicir, ten unha antigüidade superior ás dúas décadas nas que o parque móbil foi mudando e os vehículos utilitarios cambiando as súas dimensións o que confronta co modelo urbanístico da época e nos obriga a ponderar as condicións da concesión para adecualas á realidade actual”, sinalou.

Nestes momentos, as prazas dos tres aparcadoiros ascenden a 690, 241 en Santo Domingo, 205 na Constitución e 244 na Praza de Ferrol e, coa reorganización, Interparking calcula que se perderán 171, un terzo das mesmas (61 en Santo Domingo, 42 na Constitución e 68 en Ferrol), o que conlevará unha diminución do seu valor patrimonial.

Tendo en conta que esta transformación suporá, inicialmente, unha merma dos ingresos que percibe a adxudicataria, a Administración local optou por introducir no contrato unha serie de medidas encamiñadas a restablecer o equilibrio económico financeiro da concesión.



Zona de ampliación do polígono das Gándaras

Piden transparencia sobre a planta de biogás das Gándaras

Cidadáns esixirá ao Goberno local que determine o impacto da planta de biogás prevista no novo contrato de lixo. “O futuro contrato de recollida de lixo prevé a construción dunha planta de biogás por parte da futura concesionaria. Sen embargo, esta é a única información que temos ao respecto de esta instalación, cuxas características supoñen un impacto medioambiental de repercusión considerable. Cal será o fin desta instalación? Que produción de enerxía está prevista e a que se destinará devandita enerxía? Son preguntas que non teñen respostas por parte do executivo de Lara Méndez é que a ve-

ceiñanza merece saber, sobre todo os empresarios do polígono e as zonas residenciais potencialmente afectadas”, sinalou Vidal-Pardo. “A produción de biogás levase a cabo a través de fermentación de materia orgánica. Este proceso de fermentación xera malos cheiros que están a causar problemas en municipios ao longo de todo o país, como son o caso de Madrid e Asturias. Non é un tema menor. Os empresarios do polígono das Gándaras e os veciños e veciñas das zonas colindantes deben estar informados do impacto medioambiental que esta planta terá na súa contorna”, advertiu a concelleira.

Denuncian a mala actuación do Concello no novo skatepark

Dende North Skateboarding Club Lugo transmitiron a través dun comunicado a súa decisión de non tomar parte como club na inauguración do novo skatepark “esto débese a que non se nos tivo en conta e non existiu unha comunicación construtiva con nós en ningún momento, mostrando unha falta de saber facer e de respecto hacia aquelas persoas que levamos toda a vida practicando este deporte”.

Así mesmo, tamén defenden a súa aportación, tanto na creación de North Skateboarding Club Lugo coma da plataforma de Skatepark Lugo Xa, para poder crear e gozar dun espazo e dunhas instalacións necesarias para que este deporte se poida practicar e continúe crescendo na cidade, algo que non ven dende as institucións competentes. Por todo iso, dende North Skateboarding Club Lugo deixan claro o descontento e a indignación coa actual actuación do Concello no novo skatepark que se realizou na avenida Infanta Elena, ao lado das Termas na que sinalan que “contando cun presuposto elevado quedouse finalmente nun skatepark moi limitado, con malos acabados e moi inferior



A nova pista de skate

a outros presupostos similares”. Engaden, ademais, que vistas as actuacións que se estaban a levar a cabo, alertaron ao Concello presentando informes e comparativas que non se tiveron en conta.

Por outro lado, consideran que moitas empresas de construción de skateparks aproveitan o momento de auxe deste deporte, así coma o descoñecemento de concellos e institucións para inflar presupostos sen que o resultado final se axuste aos mesmos; algo que se podería evitar se o propio Concello tivese máis comunicación co club. “Só se nos ensinou o proxecto cando éste xa estaba

cerrado, dándonos unicamente marxe a pequenas modificacións sobre un plano sen cotas nin medidas, que nin sequera se correspondería co construído finalmente” denuncian. Ademais, inciden en que a calidade do skatepark non se axusta ao presuposto co que se contaba xa que se conta cun número inferior de módulos, así coma unhas dimensións menores. Destacan a falla estrutural “debido a asentamentos diferenciais que se presentan en forma de numerosas fendas”. A isto hai que engadir que o desgaste vai a ser moito maior e que acabará sendo un perigo para a seguridade dos usuarios.

zona rural

Preparado o plan de roza en catro parroquias do rural

Deu comezo o plan de roza no rural. Así pois, as actuacións realízanse de forma simultánea nas parroquias de Orbazai, Tirimol, Bosende e Piugos e, a continuación, levaranse a cabo nas zonas limítrofes ata completar todos os núcleos. Miguel Fernández, responsable da área de cohesión territorial, indicou que “as tarefas consistirán na limpeza mecánica e manual da maleza polas dúas marxes da vía, alcanzando a paseos, gabias e noiros contiguos, ben en terraplén ou en desmorte e incluso as pólas das árbores ata obter un gálibo libre que permita circular con seguridade polas estradas ou camiños”.

Ademais, lembrou que a altura máxima de calquera tipo de vexetación, despois da sega, non deberá superar nunca os sete centímetros. “Así mesmo, tamén se acondicionarán os campos da festa, explanadas ou prazas que sexan públicas”.

O tenente de alcaldesa sinalou que os labores se completan coa roza de camiños e pistas forestais, “que se realiza durante todo o ano con maquinaria do Parque Móvil municipal, de maneira que non só tratamos de mellorar as comunicacións viarias e a comodidade das e dos condutores, senón que tamén contribuímos a previr incendios”.

Comezarán as melloras en catro vías de Pías, Piugos e Tirimol

O Goberno de Lara Méndez acondicionará o firme de catro estradas municipais en Pías, Piugos e Tirimol para mellorar a seguridade viaria e dar resposta así ás peticións que realizou a a veciñanza destas parroquias. Así o avanzou o tenente de alcaldesa e edil de Medio Rural, Miguel Fernández.

As obras, que contan cun orzamento de 72.794,49 euros, achegados a través das baixas obtidas nas licitacións das actuacións realizadas co cargo ao Plan Único do ano 2020, consisten na reposición do firme con aglomerado en quente,

a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes á nova rasante do camiño.

“Estes camiños non se atopan nunha situación idónea debido á súa antigüidade, ao uso e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación” explicaba o edil.

A mellora do firme con aglomerado en quente en Pías inclúe dúas estradas municipais que parten da intersección da Estrada Provincial LU-P-3907 e discorren polos núcleos de Fafián e O Corral de

Abaixo, actualmente pavimentadas con firme flexible formado por rego asfáltico.

O Concello, ademais, realizará labores de mellora con aglomerado en quente en outras dúas estradas municipais que discorren polo núcleo de Seivane, en Tirimol, e polo núcleo de As Tabernas, en Piugos.

“Estas actuacións, moi necesarias, beneficiarán principalmente aos veciños e veciñas que utilizan as vías municipais a diario para efectuar os seus desprazamentos”, destacou Miguel Fernández. O prazo de execución das obras é dun mes.

O PP reclama a reapertura de sete Centros de Dinamización



Centro de dinamización social de Santiago de Saa

O Grupo Popular quere que en setembro os sete centros de dinamización do rural que funcionaban no Concello de Lugo volvan a abrir as súas portas. Concelleiros populares mantiveron esta mañá un encontro con veciños afectados diante dunha das escolas rurais que albergaban antes da pandemia este servizo.

O concelleiro do PP Manuel López lembrou como dende hai máis dun ano os veciños de San Xoán do Campo, Calde, Coeses, Saa, Santa María de Bóveda, Santa Comba e Rubiás se quedaron sen un espazo que servía de punto de encontro e sen unha alternativa de ocio saudable para desenvolver cursos de aprendizaxe de novas habilidades para ocupar o seu tempo libre. “Nun momento no que semella que hai unha tendencia da xente para volver ao rural por tratarse dun entorno seguro non é de recibo que dende o bipartito de Lugo se recurte este tipo de servizos xa que supoñen un plus para os que viven nas parroquias e para os futu-

ros veciños”.

No PP sinalan que “non estamos dispostos a deixar que aproveiten a pandemia para discriminar aos da zona rural e por iso pedimos que se saque o contrato para recuperar a actividade nestas sete escolas rurais que funcionaron durante anos como Centros de Dinamización”. López lembraba que o anterior “supuxo un investimento de 76.987 euros polo que esta cantidade dentro dun orzamento de 100M€ é unha minucia”. Por outra parte dende o Grupo Popular instan a que se faga o mantemento das diferentes escolas, tanto das que funcionan como Centros de Dinamización como do resto dos edificios, xa que “a maleza tapa portas e mesmo ventás. As únicas escolas que hai limpas é porque os veciños, pola súa conta, fixeron o traballo de mantemento”.

López lamenta que “PSOE e BNG en vez de revalorizar e investir para mellorar a calidade de vida das parroquias recorta servizos”.

Amañados viais da Louzaneta

Alexandre Penas anunciou que desde a concellería de Infraestruturas se actuou nos pasados días en dous viais da Louzaneta, na pista que une a estrada LU-232 coa Estrada Vella de Santiago e na rúa Cotón de Arriba. Penas explicou que “o firme de ambos viais atopábase en avanzado estado de desgaste, e na unión da Estrada Vella de Santiago coa LU-232 estaba composto na súa maior parte de terra, con zonas onde incluso chegara a crecer a herba”.

Os traballos en ambos viais consistiron na renovación da banda de rodadura aplicando mestura



Os concelleiros nacionalistas, visitando o resultado das obras

asfáltica en quente, o que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial, e garantirá unha duración prolongada da

actuación. Ademais, pintárase sinalización horizontal e renovárase a vertical nas interseccións co resto de vías.

O desdoblamento do corredor de Nadela, prioridade para o PSOE

Os socialistas emprazan ao Goberno de Feijóo a que execute, no menor prazo de tempo posible, o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos para convertelo en autovía.

Patricia Otero dixo que “a actuación da Xunta de Galicia no Corredor Nadela-Monforte de Lemos exemplifica ben a súa pésima xestión das infraestruturas e, nomeadamente da rede viaria na nosa provincia”. Nesa liña cualifica as actuacións do PP como “unha retalla de promesas reiteradamente incumplidas, retrasos inxustificables, partidas que se consignan ano tras ano nos orzamentos da Feijóo, pero que nunca se executan”. In-



Os socialistas ante o corredor de Nadela a Sarria

siste “no baile de cifras que soben e baixan nos orzamentos sen explicación racional algunha, cunha Consellería de Infraestruturas que

nega e substitúe as súas propias previsións sen ningunha explicación, son o mellor exemplo da falta de planificación en política viaria”.

DEPUTACIÓN

A Deputación urxe á Xunta a recuperar a sanidade galega

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan para recuperar a sanidade Galega. Logo de que a pandemia agravase as deficiencias do sistema sanitario autonómico, que se viñan denunciando no 2019, a institución provincial esixe que se traballe para volver á situación anterior á pandemia como un primeiro paso mínimo, segundo unha moción presentada polo PSdeG no Pleno que foi aprobada co apoio do BNG.

“A Xunta tenta aproveitar a necesidade de loitar contra a pandemia para agochar as deficiencias do sistema sanitario que se viñan denunciando no 2019. E que carece de ideas para volver á situación anterior á pandemia, que sería un primeiro paso mínimo”, denunciou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto. “Seguen enriba da mesa os problemas de Atención Primaria; a perda de especialidades e peches de consultorios no rural; a tempo-

ralidade do persoal, sobre todo dos ATS; o colapso das Urxencias ou a incapacidade para atraer profesionais de especialidades como pediatría”, asegurou Porto.

García Porto denunciou que as listas de espera en Atención Primaria chegaron ata os 15 días por motivo da pandemia; que a espera media para operarse na área sanitaria de Lugo é de máis de 79 días, a que máis demora acumula de Galicia xunto con Ferrol; ou que para as probas diagnósticas relacionadas coa otorrinolaringoloxía hai que esperar unha media de case un ano -315 días- cando no 2019 estaba en 90. A voceira tamén apuntou que na etapa de Feijóo na Xunta perdéronse preto de 1.100 postos de persoal sanitario só en Atención Primaria, e que xunto coas xubilacións previstas no 2024 – outros 1.500 profesionais- “é preciso facer un esforzo de contratación”. Sinalou Porto os problemas de atención pediátrica que sofren os con-

cellos da provincia, como Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Chantada, Foz, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Ribadeo ou O Valadouro; ou que as reducións de persoal son a norma en moitos municipios do rural.

Por outra banda, a Deputación de Lugo tamén lle reclama á Xunta que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

A voceira do grupo socialista lamentou que o investimento da Consellería de Cultura e Educación previsto para o 2021 en Lugo é de 700.000€ para restaurar a igrexa de San Pedro e outros 500.000€ para o claustro da Catedral. En total, 1,2M€ que representan o 0,01% dos 11.563M€ “dos orzamentos récord da Xunta”. García Porto denunciou que no 2018 só se destinaron 10,2M€ ao gasto en Protección e Xestión do Patrimonio Cultural e Artístico na nosa comunidade autónoma, “unha cifra que nos sitúa no furgón de cola”.

Tomé presidirá a Xunta Reitora da UNED durante dous anos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presidirá a Xunta Reitora do centro asociado da UNED de Lugo os vindeiros dous anos.

Ademais de acordar o cambio da presidencia, que é un cargo rotatorio, tamén se lle deu o visto bo aos Orzamentos desta entidade educativa para o 2022, que ascenden a preto de 955.000€ para o centro de Lugo e as aulas de Monforte de Lemos, Viveiro e Foz.

Así mesmo, a Directora da UNED de Lugo, Ana Belén Traseira, deu conta das actividades que se celebraron ao longo deste pasado curso, no que notaron un aumento da matrícula. No caso dos estudos regrados chegou ao teito histórico de 1.300 alumnos que se inscribiron nalguna das opcións educativas no curso 2020-2021. Celebráronse 112 actividades de extensión universitaria nas que participaron máis de 5.000 alumnos e alumnas.

Os membros da Xunta Reitora tamén coñeceron a memoria de liquidación do pasado exercicio e avaliaron as iniciativas que se puxeron en marcha ou que continúan desenvolvéndose, como é o caso de Lugo cultura dixital ou UNED Lugo NaturalMente, que inciden en aspectos vencellados coa optimización de recursos e o coidado do medio ambiente e o impacto do cambio climático.

CONVENIO. O Presidente da Deputación e a directora da UNED) de Lugo, Ana Belén Traseira, asinaron tamén un convenio de colaboración para continuar co proxecto Lugo Cultura Dixital, que ten como obxectivo a difusión da cultura da provincia, a promoción do asociacionismo, o impulso da inclusión e a alfabetización dixital, e a divulgación dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Abre o prazo do programa Coñece a túa provincia

Xa está en marcha do programa Coñece a túa provincia coa apertura do prazo para que asociacións e entidades sen ánimo de lucro poidan anotarse e reservar praza nestas viaxes gratuítas que organiza a institución en pequenos grupos e dunha xornada de duración por todo o territorio lucense seguindo diversas rutas. O período de solicitude das 1.242 prazas dispoñibles nesta primeira tempada estará aberto a partir de hoxe xoves e ata o vindeiro 30 de xullo. Para inscribirse, as asociacións deberán presentar a correspondente solicitude a través da Sede Electrónica da Deputación ou ben no Rexistro Xeral da institución. Toda a información para realizar a solicitude, así

como as características e as condicións para participar nesta iniciativa pode consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de hoxe, 30 de xuño, e na páxina web da Deputación de Lugo, a través da Área de Turismo.

As viaxes desenvolveranse entre a segunda quincena de setembro e o mes de novembro, en días laborables. En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación determinará os días concretos nos que finalmente se realizarán as excursións.

As asociacións poden elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia de Lugo.



Presentación das actividades fluviais

A Deputación lanza unha nova edición das Actividades Fluviais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial porá en marcha este verán en 10 concellos. As Actividades Fluviais son totalmente gratuítas e están dirixidas a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade. Haberá actividades acuáticas, como kajak, paddle surf, inchables, e outros xogos nas contornas fluviais. O presidente explicou que o programa desenvolverase durante o mes de xullo nos municipios de Ribeira de Piquín, Trabada, Alfoz, Vilalba, Begonte, Navia de Suarna, Láncara, Ribas de Sil, Monterroso e Guitiriz.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación de Lugo ofrecemos unha alternativa de ocio ao aire libre moi atractiva para o verán, que contribúe a dinamizar a vida social e a vida económica dos concellos”, detallou o mandatario provincial. O programa, engadiu, tamén será importante para contribuír á recuperación do sector turístico, hostaleiro e do comercio local fronte ao impacto das restricións provocadas pola pandemia, porque todos sabemos que onde hai actividades de lecer, hai consumo, sobre todo no sector servizos. A xente ten ganas de saír, de recuperar a súa vida normal, e dende a prudencia, temos que dar pasos nesa recuperación”.

Volven convocar os premios á hostalaría e o turismo

A Xunta de Goberno aprobou as bases e a convocatoria da segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, tal e como anunciou a voceira provincial socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto.

“Estes premios son unha medida máis que impulsamos dende a Deputación para apoiar, poñer en valor e visibilizar o traballo e a calidade dos sectores turístico e hostaleiro da nosa provincia, algo especialmente importante nestes momentos porque estes establecementos foron os que sufriron especialmente o impacto das restricións sanitarias pola pandemia”, subliñou a Deputada. García Porto destacou que “a diferenza do ano pasado e, por petición do propio Consello Provincial de Turismo, nesta edición poden presentarse as candidaturas a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata”. A candidatura pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gastronomía.

AO NOSO CARÓN

friol

Adxudican as obras de mellora da estrada que une Friol e Palas

O Concello está inmerso en traballos de asfaltado de beirarrúas, accesos a núcleos e alumedos nas distintas parroquias do termo municipal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por máis de 2,1 millóns de euros a execución da 1ª fase das obras de mellora da estrada autonómica LU-231, entre Friol e Palas de Rei. Os traballos, adxudicados á empresa Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U., darán comezo na segunda quincena de xullo e disporán dun prazo de doce meses. Neste mes de xullo están convocados os propietarios dos terreos para o pagamento dos depósitos previos e a formalización das actas de ocupación. As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que esta sección ampliárase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m. O proxecto recolle melloras do trazado, suavizando as curvas de menor radio. Cabe salientar que se mellorará o cruce do punto quilométrico 2+100 coa estrada LU-P-1611, que vai a Guntín nun sentido, e a Begonte (A-6), no outro.

A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo ao núcleo de Palas de Rei. A Xunta ten prevista a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, estando o



Estrada que une as localidades de Friol e Palas e, á dereita, dous momentos das obras que se están a levar a cabo

segundo redactado e en supervisión técnica.

A execución desta actuación permitirá conformar, xunto coa estrada provincial LU-P-1611, un eixo norte-sur de mobilidade con prestacións axeitadas entre a A-54 en Palas de Rei e a A-6 en Begonte, nun punto moi próximo ao sen enlace coa A-8.

BEIRARRÚAS. O obradoiro Cumes da Terra Chá arranca a súa cuarta e última fase, que rematará en setembro de 2021. No caso de Friol, a aportación que ten previsto facer para esta cuarta fase do obradoiro de emprego, é de máis de 100.000 euros en material, para levar a cabo a finalización das beirarrúas do tramo urbano da estrada LU-231, que une Friol con Palas de Rei.

Este taller ofrece formación e emprego a 20 persoas, 8 delas de Friol,

que contan con un contrato durante a participación en esta iniciativa e ao rematar poderán acreditar as ensinanzas recibidas con un certificado de profesionalidade. O Concello de Friol fixo unha inversión total, para as catro fases do obradoiro, de máis de medio millón de euros.

PAVIMENTACIÓN E ALUMEADO. Tamén licitou as obras de dous proxectos importantes no rural.

A primeira consistirá no acondicionamento e pavimentación de varias vías de acceso, entre as que se atopan a que une a parroquia de Carballo e o núcleo de A Casanova na parroquia da Rocha, unha vía de acceso a Prado, e outra vía de acceso a Castrodá, de Vilalvite.

A segunda obra trátase de continuar coa execución de actuacións para conseguir un aforro e unha eficiencia enerxética nos alumeados



dos públicos, en esta ocasión nos barrios de Cimadevila e Chao na parroquia de Narla, no barrio da Pena en Cotá, e tamén na parroquia de Ramelle. E co cambio de luminarias preténdese conseguir unha redución dos costes enerxéticos e de mantemento redución de emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro, mellora na calidade lumínica, etc.

ACCESOS. Tamén continúa a realizar proxectos de mellora e pavimentación de accesos municipais. O primeiro proxecto consistirá na mellora de camiños municipais a parcelas agrícolas nos lugares de Nodar, A Bouza, Pedrido e Guldrez de Arriba.

En Nodar trátase dun camiño que serve de acceso a parcelas, edificacións e instalacións agrícolas dos núcleos de Nodar e Vilariño. En A

Bouza arranxárase un camiño que se localiza na parroquia de Silvela. No Pedrido realizaranse traballos nun camiño que se localiza na parroquia de Carlín, que serve de acceso a parcelas, edificacións e instalacións agrícolas no lugar de Pedrido, e ata o núcleo de Arga de Arriba. E en Guldrez de Arriba, trátase dun camiño que se localiza na parroquia de Guldrez, que serve de acceso a parcelas, edificacións e instalacións agrícolas no núcleo de Guldrez de Arriba, e ata o lugar de Vilares.

O segundo proxecto consiste na pavimentación da vía que comunica os núcleos de Guldrez de Arriba e A Boleta, na parroquia de Guldrez, que presenta un mal estado de conservación debido á súa antigüidade, o uso e as inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación.

Convocan un curso de mellora de gandería de vacún de carne

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGAGAL), en colaboración coa Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo organiza o curso Iniciación e mellora da gandería de vacún de carne.

A formación, impartida por Beealia, desenvolverase do 19 ao 23 de xullo con 25 horas lectivas. O curso impartirase na aula de formación do Centro Colaborativo de Friol, na rúa Deputación.

As xornadas están destinadas a agricultores en activo, persoas con solicitude de incorporación á activi-

dade agraria, así como persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativas de incorporación ao sector primario.

No curso abordaranse diferentes contidos, como a situación do sector vacún de carne, as razas de vacún de carne, alimentación, reprodución, sistemas de produción en Galicia, cebo de xatos, comercialización ou sanidade entre outros moitos conceptos vinculados, como as axudas, a fertilización de pradeiras, instalacións de manexo de gando ou o lobo. Haberá tamén a visita a unha gandería.

Felipe Barata, elixido director do CPI Doutor López Suárez

Felipe Barata vén de ser elixido director do CPI Doutor López Suárez, en substitución de Asunción Franco, que comeza a súa xubilación.

“Como veciño e alcalde do Concello de Friol, e como pai de alumna do CPI Doutor López Suárez, quero ter unhas palabras de agradecemento para Asunción Franco, unha persoa que adicou gran parte da súa vida laboral a formar parte da poboación moza no noso centro educativo. Realizando ademais as labores de



O novo director, Felipe Barata

dirección, para que todo funcionase da mellor maneira posible”, indicou o rexedor José Angel Santos.

“Este último curso, foi máis difícil se cabe, á causa da situación socio-sanitaria que todos sabemos que nos tocou vivir, pero o seu esforzo e dedicación foi imprescindible para que non xurdiran problemas maiores (Tamén foi importante o traballo e esforzo de todos e todas as profesionais e os alumnos e alumnas do CPI)”, engadiu.

Convocan ao XV Certame de Investigación Condado de Pallares

O Museo Provincial de Lugo acolleu a presentación do XV Certame de Investigación Condado de Pallares, convocado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, co obxectivo de promover a investigación nos ámbitos da lingüística, a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, a etnografía e o folclore no territorio que conformaba o antigo Condado de Pallares, entre os concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballo.

As persoas interesadas en participar poden achegar os seus traballos de investigación, escritos orixinais e inéditos en lingua galega, ata o 30 de setembro, remitíndoos por correo certificado, baixo plica, á Casa Reitoral de Ferreira de Pallares, onde ten a súa sede a asociación.

Establécese un único premio de 3.000 euros que será outorgado ao autor ou autora da obra que reúna suficientes méritos científicos. O xurado emitirá o seu fallo nun acto que se celebrará o 6 de novembro. A obra gañadora será publicada.

O presidente da Asociación Condado de Pallares, Carlos Vázquez, sinala na presentación a relevancia do



Presentación do Certame no Museo Provincial de Lugo

certame, ao que “nos últimos anos se presentan traballos de persoas investigadoras non só do ámbito territorial do Condado de Pallares, senón tamén do resto de Galicia”. Tamén trasladou o seu agradecemento ás administracións e entidades colaboradoras - a Vicepresidencia da Deputación, Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galiza, os concellos de Guntín, Taboada e Chantada, os GDR Miño Ulla e Comarca de Lugo e a Caixa Rural. Dende a Deputación puxeron en valor o traballo desenvolvido pola

Asociación de Amigos do Mosteiro de Pallares que, “ademais de sacar adiante unha nova edición do certame, nuns meses difíciles para a cultura por mor da situación sanitaria, fixo un esforzo por manter a actividade e por visibilizar e dar traballo as xentes dos sectores ligados a produción cultural”. Ademais, animou “a todas as persoas investigadoras que teñan traballos relacionados co ámbito territorial a participar no certame e ofreceu os fondos dos museos de Rede Museística para afondar no seu coñecemento”.

O PSOE denuncia varios reparos de intervención

O voceiro Socialista, José Antonio López Varela denunciou que o Concello do PP que preside María José Gómez, “conta máis de 33 reparos de intervención, que ascenden a un montante económico de máis de 93.000 euros”. Nestas facturas, a intervención critica que non existen nin o contrato, nin tampouco a tramitación do expediente de contratación sobre este gasto no Concello, como marca a propia lexislación.

López Varela sinala que concretamente, a Intervención do Concello, emitiu tres informes nos que informa destas irregularidades. “O primeiro informe con data 29-3-2021 asinado pola interventora, informa de 3 reparos concretos relacionados co pago do servizo de axuda a domicilio que ascenden a un montante total de máis de 37.000 euros. Ademais neste informe alude ao reparo total das facturas do 2020, de 25.334 euros”.

Nun segundo informe explicase que “o Concello de Guntín pagou máis de 41.000 euros, relacionados co alumeado municipal, axuda a domicilio e a limpeza, sumando un

total de 19 reparos, sen contrato e sen tramitación, tal e como sinala o propio informe fiscalizador asinado pola interventora o 30-4-2021”. Por último, no terceiro informe da Intervención advírtese “do pago de máis de 15.600 euros, que conta con 11 reparos de pagos para o asesoramento urbanístico e o mantemento do campo do fútbol”.

O voceiro remarca que esta non é a primeira vez que o Goberno do PP de Guntín ten que facer fronte a estas irregularidades contables, “no pasado pleno do mes de marzo denunciámos outros dous reparos de intervención, de dúas facturas que ascendían a un total de 11.350 euros. E agora vólvenos a comprobar que o Goberno non fixo os deberes, esta moi ocupado cos columpios pero moi pouco dos problemas reais que ten o Concello, sobre todo no tocante a economía municipal”. Por último lembrou que no pleno do mes de marzo do 2020 demandou ao Concello que promovesse axudas á hostaleira e os gandeiros, por mor da covid, unha proposta que se aprobou.

Guntín adhírese ao proxecto Concellos Emprendedores

Guntín xa é Concello Emprendedor, sumando un total de 21 municipios da provincia de Lugo. Con esta distinción súmase ao obxectivo de poñer facilidades ao investimento empresarial para impulsar a reactivación económica e, polo tanto, ofrecer máis axilidade na tramitación administrativa, no acceso ao solo industrial e maiores incentivos fiscais.

O principal obxectivo desta iniciativa é trasladar confianza e seguridade xurídica ao tecido económico e, nese sentido, cómpre sinalar que, como novidade, a lei fixa un prazo de tres meses para a emisión de informes e amplía os supostos de iniciativas empresariais prioritarias.

Estase a dar prioridade aos concellos adheridos a esta iniciativa en diversas liñas de axudas destinadas a impulsar a fábrica intelectual, o emprego de calidade e o emprendemento baseado

na innovación e no talento. Para iso, establécese nestas axudas, que están a ser convocadas en réxime de concorrencia competitiva, un criterio específico.

Os Concellos Emprendedores, pola súa banda, comprométese a ofrecer ás empresas que mostren interese por instalarse nas súas localidades máis incentivos fiscais, maiores facilidades para acceder ao solo empresarial e unha simplificación na tramitación administrativa.

Os maiores incentivos fiscais por parte dos concellos para favorecer a chegada de novas empresas suporán unha bonificación de ata o 95% no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes. Deste xeito, a colaboración entre as administracións públicas permite avanzar cara a unha Galicia máis competitiva.

Acordo para o acondicionamento de espazos medioambientais

A Xunta cofinanciará o acondicionamento de espazos medioambientais e deportivos no Concello de Guntín. Así o ratificaron esta mañá a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa, María José Gómez, que asinaron un acordo de cooperación para beneficiar aos 2.600 veciños do municipio. O convenio prevé un orzamento de case 100.000 euros para o desenvolvemento dos traballos, e dos que a Xunta abonará o 70%, mentres que o Concello deberá dispor o 30% restante.

En base a esta colaboración, levarase a cabo unha reforma da piscina municipal e doutras instalacións deportivas para mellorar este tipo de servizos e habilitar espazos nos que os veciños poidan levar a cabo unha actividade deportiva e unha vida activa con todas as garantías.

Os traballos tamén implicarán a mellora da urbanización e da accesibilidade a este tipo de centros ou instalacións deportivas, traballos que permitirán definir zonas de encontro para os veciños.

Ambas destacaron que impulsar este



Visita a un dos espazos deportivos

tipo de proxectos é apostar e ofrecer alternativas de ocio para os veciños, habilitando espazos nos que convivir e interactuar, e sobre todo porque os converte nun municipio sostible, que aposta polo equilibrio entre os usos dos espazos naturais e a súa conservación. Asemade, destacou que este esforzo tamén é un aliciente para que Guntín se converta nun concello que ofrece un modelo de turismo sostible, sen aglomeracións, con servizos de calidade.

Por último, a conselleira salientou a aposta de Guntín por converterse

nun concello cun urbanismo ordenado e recordou que na actualidade xa se están a realizar os voos aéreos para cartografiar a superficie municipal, 154 km², e obter un material gráfico necesario para iniciar a redacción do seu Plan Básico Municipal. Guntín é un 18 concellos que apostaron por esta ferramenta de ordenación, dos cales os da primeira fase (9) xa están a redactar o plan, mentres que outros nove –entre os que se atopa Guntín– avanzan cos primeiros traballos do mesmo, como é a obtención da cartografía.

rábade

O Concello recibe unha axuda para as cámaras do polígono

A Xunta aprobou axudas que suman preto de 687.300 euros para impulsar obras de mellora en oito polígonos industriais de Lugo. Unha desas axudas corresponde a Rábade e consistirá en 40.500 euros que se destinarán á segunda fase de instalación do sistema de vídeo vixilancia en Rábade. As axudas poden alcanzar ata o 80% do importe dos proxectos cun límite de 120.000 euros para solicitudes individuais. Entre outros criterios, valórase de xeito especial que os solicitantes sexan Concellos Emprendedores.

O Goberno adxudica a redacción do PXOM

O Concello de Rábade adxudicou a Estudio Técnico Gallego, por un importe de 78.000 euros, a redacción do PXOM e de actualización da cartografía do municipio. Esta empresa gañou o contrato, ao que tamén optaban outras dúas firmas cun prezo de licitación fora de 85.000 euros.

O prazo máximo de execución destes traballos urbanísticos é de catro anos, aínda que as esti-

macións municipais son de que esté rematado en dous anos.

De todo o contratado xa hai traballos avanzados de topografía, planimetría e inventario que xa foron executados para a elaboración do plan urbanístico que foi aprobado no ano 2008, unha norma que despois foi anulada polo Tribunal Supremo ao carecer dun informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS).

Proxectan abrir na vila unha casa niño

A Xunta publicou no DOG as axudas para a creación de 16 novas casas niño no rural, o que supón acadar as 93 en toda a Comunidade, unha delas en Rábade. Actualmente Galicia dispón de 77 destes recursos de conciliación en municipios de menos de 5000 habitantes. Con esta, a sexta convocatoria desde que se puxo en marcha o programa no ano 2016, chegaranse ás 93 casas e ás 465 prazas de atención para nenas e nenos de 0 a 3 anos, 100% gratúitas para as familias.



PREMIO. María Nogareda Sánchez, do CEIP Otero Pedrayo de Rábade, de 8 anos, foi unha das galardoada no Certame de Debuxo para escolares organizado pola Tradescola no que participaron máis de 200 debuxos.

o corgo

O Concello adquire a carballeira e os terreos do castro de Castrillón

O Concello do Corgo adquiriu por 32.000 euros os terreos nos que se ubica o castro de Castrillón xunto coa carballeira. O lugar, que conta cun destacado valor cultural e histórico, é lugar de peregrinación e son moitos os fieis que asisten á capela de San Bernabé situada no propio espazo. De feito, o adro da capela era o único aspecto de dominio público, xa que o resto pertencía a unha familia que actualmente reside en Madrid.

A finca, situada no entorno da vía Küning, suma un total de 18.000 metros cadrados que se empregarán para uso público, así como para celebracións de diferentes festexos.

A inversión levouse a cabo grazas a fondos das arcas municipais, ademais da solicitude dunha modificación de crédito. Esta compra xa fóra reclamada con anterioridade



A zona do castro de Castrillón, de gran valor histórico

e, de feito, o BNG presentara unha moción -aprobada por unanimidade- para que ditos terreos pasaran a ser de titularidade pública.

Dita actuación tamén é un movemento co que se busca atraer máis visitantes nun ano coma este

no que o Xacobeo está moi presente. Así pois, a intención é dar a coñecer con máis forza a vía Küning e a carballeira do Castrillón para que, pouco a pouco, dita vía sea unha variante do Camiño Francés máis acollida por visitantes.

O Concello ten obras en curso por valor de 600.000 euros

O Concello de Castro de Rei ten actualmente en curso obras en distintos lugares por un valor total de 600.000 euros, algunhas delas en fase de licitación e outras xa en proceso de execución, segundo avanzou o alcalde, Francisco Balado.

Así, pendente de adxudicar estes días está o proxecto de construción de beirarrúas na rúa Alcalde Sinde Nieto na súa segunda fase, que contempla o tramo comprendido entre Manuel Becerra e a praza Maior, en Castro de Rei, que ten un orzamento de 45.000 euros e un prazo de execución de dous meses. Tamén pendente de adxudicación está unha actuación no rural, a mellora da estrada de acceso a Ludrio, concretamente no tramo entre a N-640 ata o límite municipal co Concello de Pol. Esta obra conta cunha subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Ten un orzamento total de 50.000 euros e un prazo de execución dun mes. Os traballos consisten na limpeza e apertura de cunetas, regularización da superficie da vía con asfaltado en quente e sinalización. Esta obra permite mellorar o acceso á igrexa parroquial e ao centro do núcleo.

Na mesma situación están as obras de rexeneración de accesos aos núcleos de Triabá, Quintela, Bazar, Bendia, Azúmara e Ribeiras de Lea, cun prezo de adxudicación de 256.900 euros.

DEPUTACIÓN. Esta intervención finánciase con cargo ao Plan Único da Deputación, que achegará 253.829,38 euros, mentres que o resto, 17.281,50 euros, estará



Francisco Balado

a cargo do Concello. Realizaranse labores de limpeza de cunetas, acondicionamento, rexeneración, pavimentación, sinalización e mellora da drenaxe.

Actuarase na estrada que vai desde a LU- P-1104 ata o límite municipal en Bardián, pasando pola igrexa de Bazar, un trazado de case tres quilómetros; na rúa do Castro de Castro de Ribeiras de Lea; catro viarios en Triabá; e os accesos ás vivendas de Bardián, ao barrio de O Castrillón e Reguntille. Ademais, un acceso en Quintela e outro en Cornide acondicionáronse, pero sen pavimentar. O obxectivo destes traballos é rexenerar varias vías públicas moi deterioradas pola súa antigüidade, uso e as inclemencias meteorolóxicas.

Tamén están xa adxudicadas e pendentes de comezar as de mellora de vías municipais e accesos a parcelas en Os Candos, Triabá, Matodoso e Os Salgueiros. Estas teñen un orzamento 74.000 euros.

Así mesmo, xa case están rematadas as obras de rexeneración de Ribademiño, Outeiro, Bazar, Veiga de Pomar, Tortentosa en Duarria, Bouzaboa en Loentia, e Sumedo en Ludrio. Estas contan cun orzamento de 150.000 euros.



VOLUNTARIADO. Os participantes no campo de voluntariado do Castro de Viladonga, organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, iniciaron os traballos de limpeza, que se prolongarán durante a quincena e que serán o eixe principal deste campamento. Os rapaces estarán dirixidos polos arqueólogos Álvaro Pérez e Diego Torres e a restauradora Silvia Illanes.

O Centro de Recría aforra medio millón de euros aos gandeiros



Visita do Centro de Recría

O Centro de Recría da Deputación de Lugo, pioneiro en España polo seu carácter público, aforroulle aos gandeiros e gandeiras da provincia medio millón de euros no ano 2020, con respecto aos custes dos centros privados. Un dato que deu a coñecer o Deputado de Recursos Sostibbles, Roberto Fernández Rico, no Pleno ordinario do mes de xuño celebrado este martes, onde se aprobou unha actualización das tarifas deste centro.

Fernández Rico detallou que coa actualización aprobada hoxe as tarifas pasan de 2,39€ a 2,55€ animal e día, 16 céntimos máis. A revisión, argumentou, está fundamentada nunha motivación obxectiva e debidamente xustificada, que se centra en dous factores. Por un lado, a subida dos custos de alimentación dos animais, “a parte máis destacable, debido á tendencia á alza dos prezos nos últimos meses. Hai que ter en conta que, segundo se acredita, os custes de alimentación aumentaron en máis dun 25% en moitos dos produtos consumidos polos animais e que a alimentación supón o 50% do gasto total da anualidade 2020, unha cifra maior canto maior ocupación teña o centro. Neste momento

máis de 2.000 novillas, o que representa o 85% da capacidade do Centro”, explicou o Deputado. O outro factor é o custe do persoal -salarios e Seguridade Social-, “que se ve incrementado polos cambios na normativa dende que se asinou o contrato no ano 2017”, sobre todo debido á subida do Salario Mínimo Interprofesional.

A revisión do prezo do Centro de Recría “está xustificada tecnicamente, e é razoable, tendo en conta que supón un incremento do 6,69%”, cando, como apuntou o Deputado, “os custos de alimentación subiron máis dun 25% en moitos dos produtos consumidos polos animais”.

Roberto Fernández Rico, quen precisou que de producirse unha baixada dos custes da alimentación dos animais volverase a revisar á baixa a tarifa, subliñou que o Centro de Recría Público da Deputación de Lugo “mantén tarifas altamente competitivas con respecto a centros privados, que teñen prezos medios de 3€ animal/día incluíndo o transporte, ademais das múltiples vantaxes en termos de calidade e benestar que ofrece ós gandeiros e gandeiras da nosa provincia”.

Un reto para Crecente Vega

Unha comisión literaria busca dende o ano pasado o recoñecemento do Día das Letras Galegas para este poeta natural de Castro de Rei



Fai un ano, un grupo de familiares e amigos de Xosé Crecente Vega acordaron solicitar á Real Academia Galega que se destinase a este autor de Castro de Rei o Día das Letras Galegas.

Pero antes de chegar a este punto, a posta en valor da obra de Xosé Crecente Vega tiña comezada. Cinco anos atrás, nunha reunión familiar, algúns dos asistentes traduciron ao inglés algunhas das poesías do autor que posteriormente se enviarían á Consellería de Cultura e ao Consello da Cultura Galega.

Foi así como o o escritor e profesor Víctor Freixanes orientounos para facer esa candidatura, que foi presentada a principio do ano 2020.

“Recomendáronos empezar dende abaixo, creando unha asociación e buscando apoios”, indica Mario Crecente, sobriño do autor.

Abriron a rolda de traballo cunha xuntanza no Seminario para tratar este asunto, xuntanza na que estiveron presentes asociacións da contorna con interese en que se recoñecese o traballo de Xosé Crecente Vega. Guitiriz e Castroverde foron algunhas das asistentes pero destacou moito o apoio de aqueles que coñeceron a este poeta chairego. A proposta de pedir o Día das Letras Galegas foi moi ben acollido e a partir de aí comezou o traballo duro. Os membros da nova asociación

crearon un microsite, e comezaron a difundir a iniciativa entre o mundo da cultura, comezaron diferentes proxectos e montouse unha comisión da que forman parte Félix Villares, Regina Polín e Felipe Arias, ademais do propio sobriño do autor.

“Con esta comisión máis outra xente fumos tendo reunións, a primeira co alcalde de Castro de Rei, que nos apoiou dende o inicio, co obxectivo de impulsar a publicación do libro de poemas inéditos de Crecente”, engade Mario Crecente.

E así, baixo o carballo de Luxís tivo lugar fai uns días o acto de homenaxe ao, que se facía coincidir co 125º aniversario do seu nacemento. E no que se aproveitou para presentar ese libro póstumo que leva por título O mundo nun puño de remol. O propio Víctor Freixanes, como presidente da RAG, foi un dos asistentes de luxo a este evento. “Foi un acto precioso, coa presenza de veciños e veciñas, e no que destacaron as intervencións de Roberto Crecente, profesor de música”, explica o sobriño do autor.

O momento máis emotivo do acto tivo lugar coa intervención de Eladio, de Eladio e os Seres Queridos, que fixo unha canción cun dos poemas de Crecente.

Pero no será este o único poema que se convertirá en música, xa que unha nova iniciativa posta en mar-

cha pola comisión xa que agora hai unha proposta para facer un vídeo no que grupos de diferentes estivos musiquen outras das pezas literarias que Crecente Vega deixou para a historia.

A idea por tanto é crear con el un disco do que Eladio fixo precisamente na homenaxe deste mes a primeira maqueta.

UN GALEGO ILUSTRE. Xosé Crecente Vega, o autor de Codeseira, naceu en Castro de Rei no ano 1896, o segundo de seis irmáns que deixaría o seu pobo natal para entrar no Seminario de Mondoñedo con 14 anos, onde sería ordeado presbítero no ano 1919.

Ademais da súa formación relixiosa, estudaría por libre nos institutos de Ferrol e Ourense e nas universidades de Santiago de Compostela e Salamanca, onde se licenciou en Filosofía e Letras. A enfermidade chegou á súa vida durante a Guerra Civil e malia que se recuperou estivo aqueixado dunha doenza do corazón e de tuberculose moitos anos, para rematar falecendo en 1948 en Segovia, onde recibiu sepultura. Moitos anos máis tarde, en 1998, os familiares trasladaron os seus restos á localidade que o viu nacer, e alí permanecen, na igrexa parroquial de Santa María de Outeiro.

A piscina de Castro abrirá ata o 15 de setembro

A piscina de Castro de Rei anuncia a súa apertura o día 1 de xullo e permanecerá en uso ata o 15 de setembro. Como en anos anteriores o seu horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas, aínda que durante este tempo deberán respectarse as normas sanitarias que estén vixentes nese momento.

As entradas terán un custe de 2

euros para adultos (a partir de 18 anos); 1,50 para os que teñan entre 12 e 18, e de 1 euro para o resto. Os menores de 3 anos non pagan. Establécense tamén abonos de tempada, que terán un prezo de 40, 30 e 20 euros, respectivamente en cada unha das categorías. O abono por familias será de 60 euros.



De esquerda a dereita, unha imaxe de Crecente Vega, exemplares de Codeseira e a comisión

castroverde

O Concello apraza o acto dos tres nomeamentos aprobados

O Concello de Castroverde aprobou nun Pleno de 2020 o nomeamento honorífico de Fillo Adoptivo de Castroverde ao párroco de Vilabade e outras parroquias, presidente da Asociación Cultural Espalladoira e persoa consagrada á promoción de numerosas actividades culturais e labores sociais en diferentes ámbitos da vida do Concello, así como na conservación e promoción do santuario da Nosa Señora de Vilabade (BIC) e do seu conxunto monumental, Manuel Varela Castro. Ao escultor Paco Pestana, artista plástico e poeta de acreditado prestixio internacional, embaixador de Castroverde nos máis diversos foros



artísticos e culturais, prestixiando así a a imaxe e as raíces fundamentais da súa ampla e meritoria obra evocadora das súas vivencias rurais mediante as máis innovadoras técnicas e enfoques. Tamén distinguen co nomeamen-

to honorífico de Cronista oficial de Castroverde a Ricardo Polín, doutor en Filoloxía e historiador, ademais de autor de relevantes estudos e investigacións centradas na recuperación e posta ao día do pasado común e proxección pública, contribuíndo co seu labor intelectual e compromiso cultural a potenciar o imaxinario colectivo e q que Castroverde se integrase no Patrimonio Mundial con que a Unesco recoñece ao Camiño Primitivo. Estas distincións non se puideron outorgar pois o acto previsto para xuño foi cancelado provisionalmente debido á imposibilidade de poder estar presente ese día un dos distinguidos.

Piden a municipalización do SAF

O BNG de Castroverde solicita ao goberno que aclare a situación do Servizo de Axuda no Fogar ante a súa inestabilidade e propón a municipalización deste servizo.

A empresa adxudicataria do SAF Asistencia Castroverde comunicou ás traballadoras o impago de salarios e o peche da empresa, polo que queda nun baleiro neste momento tanto o servizo como o futuro laboral das traballadoras e traballadores. Hai que destacar que esta empresa xa tivo problemas recen-

temente sobre un suposto caso de explotación laboral cando xa estaba prestando o servizo ao Concello. Neste senso, a portavoz municipal do BNG en Castroverde, Iria Castro, insta ao goberno municipal a que dispoña de información tanto ás traballadoras e traballadores como á oposición de cales son as medidas que está executando o goberno municipal ante esta problemática, con énfase no futuro laboral das traballadoras e traballadores. Iria Castro fixo fincapé en que a úni-

ca maneira de garantir a calidade e a estabilidade do servizo é municipalizar de novo o servizo “no vindeiro pleno seguiremos insistindo que o SAF volva a ser público, vése que a privatización non é a fórmula para garantir un servizo de calidade”. Pola súa banda, o voceiro do Grupo Municipal Popular de Castroverde, Rubén Otero, asegura que as explicacións do alcalde sobre o futuro laboral das traballadoras unha vez remate o contrato da actual empresa adxudicataria”.



Curso de enxerto

O Concello acollerá o 7 de agosto un curso básico de enxerto de verán. O curso, organizado pola Deputación de Lugo, terá unha duración de oito horas lectivas, 10.00 a 14.00 horas e de 15.00 a 19.00 horas, nas que dun xeito ameno os participantes aprenderán as técnicas e épocas de poda máis adecuadas para cada tipo de árbore ou especies. Repasaránse tamén os distintos tipos de enxertos. A inscrición xa está aberta e pode facerse nas Oficina do Concello e tan só contan con 10 prazas. O lugar de celebración será na área recreativa da Veiga do Olmo.

A piscina estará aberta ata o 31 de agosto



Piscina pública de Pol

Coa chegada do verán, abriu a piscina municipal de Pol, que permanecerá así ata o 31 de agosto. O horario será de luns a venres entre as 15.00 e as 21.00 horas e

os sábados e domingos en horario continuado de 12.00 a 21.00 horas. O único día que non abrirá será o 24 de agosto, por ser festivo local.

A Deputación impulsa con 40.000 euros as actividades en Avifauna



Firma do convenio entre a Deputación e Avifauna

O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da asociación centro de interpretación Avifauna, Antonio Ibáñez Burgo, asinaron un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 40.000€ para impulsar actividades e contribuír ao funcionamento do Parque Zoolóxico Ornitolóxico que xestiona o colectivo en Outeiro de Rei.

O obxectivo desta axuda é a execución dun programa de educación ambiental dirixido a ANPAS, centros escolares da provincia e entidades sen ánimo de lucro que estean vencelladas á cultura, natureza, educación, discapacidade e integración. A través de actividades promóvese a sensibilización da poboación coa conservación do medio ambiente por medio da divulgación e coñecemento das aves e a súa contorna, as súas principais ameazas e as medidas de conservación existentes. Ademais, dende Avifauna con este programa tamén contribúen ao coñecemento da riqueza faunística galega e a unha mellor conservación do patrimonio natural da provincia e da comunidade.

José Tomé explicou que unha das accións que se desenvolven grazas a este convenio é o acceso gratuito ás

instalacións dos menores de 14 anos que residen na provincia. O Presidente destacou o importante traballo que o colectivo realiza para protexer e conservar as aves, “un aspecto que valoramos á hora de asinar este convenio porque sabemos que son unha fonte relevante de coñecemento e de boas prácticas nas que debemos fixarnos o conxunto da cidadanía”.

O ano pasado, grazas a este convenio, acudiron gratuitamente máis de 25 colexios da provincia, recibindo unhas boas valoracións e levando unha moi boa experiencia da súa visita ao parque.

AVIFAUNA. Avifauna alberga unhas 400 aves de 250 especies diferentes, repartidas actualmente nunha extensión de preto de 30.000 m². O Parque Zoolóxico está deseñado para a realización de visitas guiadas mediante un percorrido a través dun xardín botánico no que os participantes poden observar a riqueza e variedade de aves dos 5 continentes, en 76 recintos en función da especie á que pertencen. No centro préstase unha atención especial á fauna autóctona e tamén a aquelas especies que, polo seu estado de conservación, se atopan en programas específicos de recuperación.



NIÑO DE CEGOÑA. O BNG vén de solicitar ante o concello que se protexa o niño de cegoña con crías que hai no cruce da N-VI coa estrada de acceso á urbanización de Guillar. Este niño, dadas as obras que se están a realizar na zona, corre serio risco de ser destruído, sobre todo se proceden a cambiar o poste de electricidade mentres que as cegoñas están en época de crianza.

Gandeiros demandan o pago das débedas ao Grupo Santé

Unións Agrarias celebrou unha protesta ás portas da planta da antiga Tegestacín, actualmente propiedade do Grupo Santé, para denunciar os impagos que esta industria mantén desde hai catro anos con 11 gandeiros. A organización realizou un acto de bloqueo na entrada da factoría de Outeiro de Rei para denunciar a “intolerable” actitude da firma; que adebeda un total de 105.000 euros por leite entregado.

Unións Agrarias considera intolerable que a actitude desta empresa; “que está a retrasar o pagamento valéndose dun emprego torticeiro dunha cláusula contractual segundo a cal os gandeiros deberían recorrer á Corte de Arbitraje para reclamar a débeda pendente. Un procedemento que sae caro e cuxo custo os afectados deberían asumir do seu peto. Motivo polo cal os produtores teñen desistido ata o de agora de recorrer a esa vía”.

“Desde Unións decidimos asumir do noso peto o custo de dous casos como un aviso; pero se non



Concentración dos gandeiros ante a empresa láctea

se saldan todas as débedas pendentes non imos parar”, explicou o secretario de Coordinación Sectorial de UUAA; que esixiu “o pago inmediato ao grupo que se ten feito cargo de Tegestacín, e polo tanto é responsable das débedas pendentes”.

Unións Agrarias lamenta a política que están a seguir os actuais xestores desta planta, que “por desgrazas non parecen ir na vía de solucionar os problemas”. Nesa liña, a organización tamén denuncia a venda de leite Santé a 0,49 euros. “Non é entendible que se poida

comercializar leite a ese prezo. Algo se está facendo mal para que iso sexa posible”.

UUAA insta á empresa a axilizar unha solución. Algo especialmente urxente no momento actual; cando os baixos prezos de venda do leite e o aumento dos custos de produción sitúa ás explotacións galegas nun contexto de rendabilidade cada vez menor. A organización denuncia os comportamentos mafiosos que afogan aos gandeiros e atentan contra o cumprimento da Lei de Cadea Alimentaria.

Buscan opcións para facer máis competitivo o parque empresarial

Xunta de Galicia asesorará ao Concello de Outeiro de Rei para planificar o desenvolvemento da súa área empresarial co fin de tentar optimizar a súa competitividade e atraer así novos asentamentos de empresas e proxectos industriais na zona.

Así o acordaron a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o rexedor, José Pardo, no transcurso dunha reunión que mantiveron esta semana para falar de diversos asuntos de interese municipal.

Neste sentido, o alcalde trasladoulle á conselleira que esta área industrial, promovida no seu momento polo Goberno municipal e o tecido empresarial da zona, atópase moi ben comunicada, ao carón da A-6 e a pouca distancia da cidade de Lugo, polo que tamén ofrece unha fácil conexión coa A-8 que comunica toda a cornixa cantábrica, motivo polo que considerou que o polígono de Outeiro de Rei conta cun gran potencial.

Noutra orde de asuntos, a con-

selleira e mais o rexedor tamén analizaron a posibilidade de que ambas administracións colaboren nun proxecto municipal para desenvolver novos espazos verdes nos que promover as actividades de ocio e lecer ao aire libre entre a veciñanza.

A este respecto, Ángeles Vázquez trasladoulle que nos orzamentos do seu departamento para 2021 hai reservados máis de 7,4 millóns de euros para obras destinadas a crear ou mellorar equipamentos municipais, así como á humanización e posta en valor das contornas urbanas.

De feito, cómpre lembrar que desde o ano 2010, a Xunta colaborou coas entidades locais a través do chamado Plan Hurbe na execución de máis de 310 intervencións urbanísticas cun investimento de case 150 millóns de euros co obxectivo común de crear, mellorar ou humanizar infraestruturas de uso público e colectivo que redunden nunha mellora da calidade de vida dos veciños das vilas galegas.

Instalan calefacción en edificios municipais



O Concello de Outeiro de Rei continúa coas obras para dotar de calefacción a varias instalacións municipais e mellorar así a súa eficiencia enerxética e a calidade dos servizos prestados aos usuarios.

A Xunta destinou a esta actuación máis de 36.400 euros ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público para a instalación dunha caldeira de gas no polideportivo municipal e no ximnasio da edificación anexa, xunto cunha bomba de calor para a produción de auga quente sanitaria nunha nave de servizos municipais, en concreto para a xestión do mantemento e

de emerxencias. Esta nave na que se completará a instalación térmica tamén conta cunha aula para impartir cursos de formación para os traballadores do concello que realizan estas tarefas, que ademais teñen á súa disposición vestiarios e aseos.

Ambas instalacións permitirán mellorar a eficiencia enerxética e reducir o consumo eléctrico. Deste xeito, acadase un menor impacto ambiental ao minorar as emisións de dióxido de carbono á atmosfera, ao mesmo tempo que se consegue un importante aforro económico para o municipio.

O BNG denuncia unha parálise nas obras do centro de día

O BNG de Outeiro de Rei esixe ao goberno municipal axilidade nas obras do futuro centro de día que “acumulan máis de 10 meses de parálise polo desleixo e a incapacidade do goberno municipal para xestionar a súa execución”. Desde a formación nacionalista lembran que non se produciu ningún avance desde setembro de 2020, cando o concello adxudicou a primeira fase do proxecto de rehabilitación e redistribución da casa reitoral, onde se ubicará o centro. A concelleira Elvira Lombao puxo de manifesto que “o desleixo do concello respecto do tan anunciado centro de día. Levamos máis de dez meses agardando que se retomen os traballos, sen que houbera ningún avance, malia ser un servizo moi necesario para a veciñanza que desde o BNG levabamos anos impulsando”.

“Cada día temos máis claro que o goberno municipal está nunha situación de abandono e incapacidade total, que se traduce tamén na falta de mantemento das



Visita dos concelleiros nacionalistas ao edificio que albergará o centro de día

pistas municipais con situacións insostibles en treitos e cruces nas que a visibilidade é practicamente nula. Pare que o alcalde só ten tempo e cartos para atender as súas preferencias mentras desatende as cuestións que realmente afectan a vida cotiá e aos servizos que se ofrecen a toda a veciñanza”, concluíu a concelleira nacionalista.

O BNG presentou unha moción

para que proceda á limpeza das cunetas así como ao desbroce urxente dos cruces e curvas perigosas. Segundo din, na maioría destas pistas resulta imposible que se crucen dous coches, tendo que parar obrigatoriamente un deles para que poida pasar o outro. Engaden que para os peóns, a situación é peor, xa que cando se achega un coche teñen que meterse á cuneta.

DEPORTES

Fin do soño para o Lugo Sala na 2ª División B



O conxunto sénior do Lugo Sala

O Lugo Sala caeu derrotado na final da fase de ascenso a 2ª división B contra o Les Coruxo (3-6).

O equipo lucense xogábase o ascenso á categoría de bronce do fútbol sala nacional no Pazo dos deportes de Riazor contra o IES Coruxo. O encontro non puido comezar de mellor maneira para o cadro de Lugo que anotou o primeiro gol antes de cumprir os dous primeiros minutos, sen embargo, o equipo vigués foi de menos a máis nun partido no que os erros se pagaron caros e, así foi; en seis minutos, o Coruxo meteu catro goles deixando o marcador cun 1-4 no minuto 16. Pouco se puido facer a continuación,

chegando ao final dunha tempada atípica pero con aprendizaxe, na que o equipo lucense logrou chegar á fase de ascenso despois de gañar a primeira fase da liga regular e derrotar na fase de ascenso ao ADFS Bueu e o Noia FS Portus Apostoli B.

DANI DÍAZ. Trala marcha de Félix Julio como adestrador principal do equipo, xa está confirmada a substitución do mesmo por parte de Dani Díaz, quen xa compartiu banco co coordinador do club e era o encargado do equipo cadete. Polo momento sábese que Longo e Carballal continuarán e a eles sumáranse os xuvenís Nico, Ález e Jairo.

O Ribeira FS, campión galego infantil e ascenso para os cadetes

O Ribeira FS infantil masculino proclamouse campión galego infantil de fútbol sala tras derrotar na final ao CD La Peña (9-0). O partido disputouse no pavillón Agustín Mourís de Noia, onde se celebraron entre o sábado e o domingo o resto de finais de ligas galegas nas diferentes categorías masculinas e femininas.

O equipo ribeirense conseguiu alzar-se coa copa de campións despois de lograr o primeiro posto no seu grupo de liga. A continuación, superou os cuartos de final e, posteriormente, a semifinal contra o Hércules FS. Esta eliminatoria púxose costa arriba para o equipo lucense despois de perder na Coruña por 8-5, sen embargo, conseguiu a remontada (5-0) para poder disputar a final en Noia. Desta forma, ao ser campións galegos, o Ribeira FS sería o representante galego no campionato de España, sen embargo, a causa da covid, dita competición está cancelada.

CADETE. O Ribeira certificou o seu pase á División de Honra xa que o Hércules, campión de grupo, non poderá ascender por ter un equipo xa nesa categoría. O Ribeira tamén xogou o seu último contra o campión, logrando un empate a 3-3 que



Os infantís do Ribeira, co título de Liga

reflectiu a igualdade no xogo e moi de trámite porque ninguén se xogaba nada. Grazas a este ascenso o Ribeira B, que militaba na categoría provincia, entrará na competición galega, tras vencer na final ao Pirigalla B. Tamén nas fases locais foi o equipo gañador nas categorías biberón, prebenxamín e infantil.

FUSIÓN. O Club Ribeira FS xa comezou coa planificación da tempada do ano que vén a pouco tempo de rematar a presente. Desta forma, dende o Ribeira anunciaron a fusión da sección de fútbol campo co Club Deportivo Lucense, formando unha estrutura propia dentro do club.

Unha novidade que ten como fin potenciar a sección e dar aos nenos e nenas participantes unha formación deportiva e persoal adecuada.

Dende o club informan tamén dos descontos para compatibilizar as seccións de fútbol campo e de fútbol sala para que os xogadores e xogadoras poidan disfrutar de dous deportes tan distintos.

Para todos aqueles que estean interesados en formar parte da sección de fútbol campo, na que se contará coas categorías de chupete, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete, poderán solicitar máis información ao coordinador deportivo chamando ao 687 907 436.



Os dous conxuntos femininos do Emevé foron recibidos no Pazo de San Marcos

O Emevé infantil, campión de España e o xuvenil, subcampión

O Emevé pechou unha tempada espectacular nas súas categorías de base. Os conxuntos femininos infantil, xuvenil e cadete remataron a tempada como campións galegos. Tras esta gran xesta, os tres conxuntos participaron no Campionato de España, no que se mediron co resto de campións e subcampións dos grupos.

Pero o gran premio foi para as infantís, que se proclamaron campioas de España, mentres as xuvenís chegaban á gran final e caían derrotas, por primeira vez en toda a tempada.

As cadetes tiñan que conformarse cunha novena posición tras algún tropezo polo camiño.

Un gran final de curso para o club

máis representativo do voleibol lugués e que tamén levou aos seus equipos masculinos xuvenil e cadete a esta competición nacional. Os resultados foron moi diferentes. Mentres os cadetes quedaban na parte baixa da clasificación, os xuvenís chegaban á sétima posición, a mesma que ocuparon tamén os alevíns.

Volve a competición de billarda xa como deporte federado

A billarda vén de ser reconocida como deporte, este xogo tradicional deu un paso máis e agora xa exerce como modalidade deportiva federada. Xunto coa chave é parte da recentemente constituída Federación de deportes autóctonos e xógase aplicando o protocolo de seguridade Fisicovid. Máscaras obrigatorias,

distancia de seguridade, non compartir material nin comida e hixiene hidroalcolica.

Das tres conferencias que xogan ligas regulares, dúas delas retomaron a competición donde, por mor da pandemia, tiñana aparcada. A conferencia NorLeste de momento sigue agardando dar comezo.

O CD Lugo feminino cae na final do play off de ascenso

O CD Lugo feminino caeu derrotado na final da fase de ascenso a liga nacional contra o SD Villestro (2-1). A pesar de que o equipo lugués acadou o terceiro posto na clasificación da primeira fase da liga regular, puido disputar a fase de play off de ascenso xa que tanto o Frial B -primeiro clasificado- como o Orzán SD -segundo clasificado- teñen ao seu

primeiro equipo na liga superior, polo que non poden ascender.

O CD Lugo, por un lado, disputou a semifinal no campo da Cheda, onde gañou 2-1 ao SD Antas. Na final do play off, o Villestro púxolle as cousas complicadas en todo momento ao equipo lucense sen lograr empatar a eliminatoria quedando, desta maneira, na mesma categoría.

O Ancares Cycling Maraton percorrerá a montaña lucense



O vindeiro 8 de agosto celebrárase o gran fondo Ancares Cycling Marathon, chamado a converterse nunha referencia do ciclismo de alta montaña en Galiza. Miguel Induráin e Carlos Sastre arrouparán a estrea desta proba, promovida pola área de Deportes coa colaboración do Club Ciclista Cidade de Lugo e que sae adiante tras a suspensión obrigada pola pandemia no 2020. A participación dos campións do Tour de Francia dará lustre a un evento que impulsará os Ancares como destino de referencia para afeccionados e afeccionadas ao ciclismo durante todo o ano. A proba, con saída en Pedrafita e chegada no Cebreiro, pasará tamén polos concellos de As Nogais, Becerreá, Cervantes e Navia de

Suarna. Os participantes completarán un total de 126 quilómetros cun desnivel acumulado de 3.500 metros. A maior dureza da proba concéntrase nos 90 quilómetros finais do trazado cos portos de Alto de Sete Carballos, A Pintiniñoira, Vilasol e o propio Cebreiro, como os puntos máis elevados. Ademais deste recorrido completo, ofrécese a posibilidade de realizar un medio fondo, de 100 quilómetros, cun trazado alternativo nos puntos de maior desnivel. O ex-ciclista Ezequiel Mosquera, que organiza a proba, comparou o percorrido cunha etapa raíña dunha volta polos quilómetros e desnivel acumulado. O prazo para anotarse estará aberto ata a semana antes do evento.

O Residencia A xuvenil logra o ascenso á Galega



Os rapaces do Residencia festexando o ascenso

Eran os que faltaban para completar a presenza nas Ligas Galegas. O Residencia xuvenil logrou este ano o pasaporte para a Liga Galega tras vencer ao Burela na quenda de penaltis. O conxunto albiceleste chegou ata a gran final nunha gran tempada tendo como rival pola única praza de ascenso ao Burela. O partido, disputado no campo neutral da Mina, na Pontenova, rematou en táboas (1-1) con gol de Alonso. Na quenda de penaltis, foron 6 acertos do Residencia e un fallo do Burela deulle o esperado pasaporte.

O conxunto xuvenil, situado no máis alto do seu grupo durante a competición, tiña esperanzas de igualar aos seus irmáns infantís, que disputaron a competición esta tempada dende a Liga Galega.

CD LUGO CADETE. O CD Lugo cadete de División de Honra chegou ata as semifinais da categoría na loita polo título e falou de ti a ti contra un Deportivo que só puido levarse a vitoria por un gol de vantaxe (1-2). Os conxuntos de División de Honra xuvenil e Liga Nacional manterán a categoría.

Organizan para setembro o campus Lecer e Deporte

O Sagrado Corazón e o Lugo Sala de forma conxunta celebrarán os días 6, 7, e 8 de setembro unha nova edición do campus Deporte e Lecer, que combina o deporte e o ocio, así como as actividades de tempo libre. A organización ten prevista varias actividades entre as que figuran fútbol, fútbol sala, piscina, visitas a Urban Planet de Oleiros, á praia e ao rocódromo, así como outras ao aire libre. O horario será de 9.30 a 19.00 horas e inclúe a comida do lunes e o mércores, dúas camisetas e os billetes en autobús para as viaxes. Os membros e familiares directos dos socios dos clubs terán un prezo de 55 euros e os externos deberán abonar 70. A inscrición está xa aberta e o número de prazas é limitado.

O rocódromo de Lugo acolle dúas probas

Ao fío desta idea hai que lembrar que o rocódromo de Lugo acollerá dúas probas de importancia como son o Campionato de España Infantil e Cadete de Escalada Deportiva (entre o 23 e o 25 de xullo) e a terceira e definitiva proba da Copa de España Absoluta de Escalada en Bloque (27 de novembro).

Paco Olmos será o novo técnico do Breogán na volta á ACB

O CB Breogán xa comezou coa preparación da vindeira tempada que disputará en ACB. Así pois, despois de coñecerse a nova de que, tras dúas tempadas, o adestrador Diego Epifanio non ía continuar no club, eran varios os nomes que soaban para ocupar o banco do equipo lucense. Finalmente, tal e como se estaba vendo, Paco Olmos será o que colla o testigo para encabezar esta nova tempada e este novo proxecto na máxima liga do baloncesto español. Olmos é un experimentado neste mundo xa que pasou por clubs coma Los Barrios, ViveMenorca, Pamesa Valencia ou o Fuerza Re-



Paco Olmos

gia de Monterrey. Ademais, era un dos adestradores que soaba con máis forza xunto Josep María Berrocal. Por outra banda, dende o club agradecen o traballo desenvolvido neste tempo e o compromiso de Epifanio que logrou a estabilidade para o equipo e a plantilla precisa para lograr o tan ansiado ascenso. A vindeira tempada o equipo lucense xogará na primeira división do baloncesto español tan só dous anos despois de descender. De feito competiu na ACB durante 18 tempadas en catro etapas diferentes, a última no ano 2018/2019.



OS BIOSBARDOS. O club deportivo Biosbardo conseguiu resultados positivos con Iván Sangiao, que se proclamou campión sénior da proba do campionato Ibérico, tamén chamado Transfronteriza. Na Riaño Trail Run o atleta Roberto González loitou dentro da súa categoría conseguindo a prata no master.

COLABORACIÓN

Loubadas excepcións

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Estamos contemplando nos últimos meses, ante a nova normativa sobre o eucalipto, como se incrementa a plantación desta especie por parte dos propietarios ante os posibles atrancos que podan existir nun futuro inmediato. Como consecuencia, procédese á corta de carballos e castiñeiros, é dicir, frondosas autóctonas, para seren substituídas por árbores de crecemento rápido, na procura dun beneficio a curto prazo. Non vaia ser que dentro dun ano xa non se podan plantar, así que cómpre non agardar máis. É unha decisión lexítima, por suposto, pero cinguida única e exclusivamente a unha doada rendabilidade económica.

Era o que faltaba para seguir trastocando o medio ambiente galego. Por riba de mel, filloas. Así, pase-niño, observamos como as fragas desaparecen do noso campo, as agras e pasteiros foron convertíndose en piñeirais e eucaliptais, esnaquizando o bosque propio sen que ninguén o repare. Nin siquiera se libran lugares emblemáticos, que deberían ser de excepcional protección, como son os entornos de Penas de Rodas, en Gaioso-Outeiro de Rei- ou o Pedregal de Irimia, un dos berces do río principal, o Pai Miño. E que opinar dese proxecto no que se pretende encher de eucaliptos unhas sete centas hectáreas no termo municipal das Pontes, a carón do lago artificial creado na antiga mina. Lamentable.

Un é testemuña na contorna máis próxima desas ansias totalmente desbocadas e como resulta a ollos da inmensa maioría unha auténtica rara avis quen opta por outras

alternativas.

Non é cuestión de buscar culpables. Os intereses dunha potente industria madeireira por unha parte e os dos donos das fincas polo outra, engadido á escasa conciencia ecolóxica, fan que sexa moi difícil variar a tendencia actual. E non falemos doutras variables, como a perda de poboación, o avellentamento e demais, que tamén inciden nesta realidade.

Pero fronte a esta negatividade, algunhas iniciativas que se levan a cabo merecen un recoñecido aplauso. E un exemplo das mesmas témolo no bosque urbano promovido polo concello de Lugo nas proximidades do polígono empresarial As Gándaras. Son máis de vinte hectáreas nas que se plantaron quince mil árbores, entre as que destacan carballos, castiñeiros, cerdeiras e freixos. Iniciativa esta desenvolvida ó abeiro do proxecto Life Lugo+Biodinámico, na cal par-



ticipan distintas administracións públicas, ademais da Universidade. A creación dunha área desas características no entorno dunha cidade, que contribuirá a mellorar o aire que se respira e combater a polución, suporá dispor dun lugar no que a veciñanza poda disfrutar, sentíndose orgullosa de ter un espazo que lle pertence. E tamén, na mente dos promotores albíscase un futuro, non tan próximo como no asunto dos eucaliptos, onde se poderá aproveitar a madeira das

aínda moi noviñas árbores.

Son excepcións, pero polo mesmo cómpre que sexan loubadas e apoiadas, agardando que noutros lugares de Galicia tamén se leven a cabo. Temos outros modelos no País, como o bosque que se plantou nas costas da Cidade da Cultura en Santiago, ou as contornas dos campus universitarios galegos, onde priman as frondosas. Son insuficientes, pero, vendo o panorama ...

Camiños sen fin

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Ano Santo, Ano Xacobeo, ano de camiñantes e camiños.

...«Caminante, son tus huellas el camino y nada más; Caminante, no hay camino, se hace camino al andar. Al andar se hace el camino, y al volver la vista atrás se ve la senda que nunca se ha de volver a pisar. Caminante no hay camino sino estelas en la mar.»...

Este fermosísimo poema de Antonio Machado (1875-1939) -musicado maxistralmente por Joan Manuel Serrat- fala sobre o camiño que un vai construíndo ao longo da vida, como se esta fora un lenzo en branco que un vai tecendo a medida que vive, deixando o pasado atrás. Existen moitos tipos de camiños distintos, como tamén hai diferentes rutas no Camiño de Santiago: o Francés, o Inglés, o Portugués, o Primitivo, o do Norte,

a Vía da Prata, etc. Iso sí, todos camiñan na mesma dirección, na procura do destino final: Santiago de Compostela. Parece ser que un eremita do lugar de Solovio chamado Paio -onde hoxe se alza a Igrexa de San Fiz de Solovio- localizou arredor do ano 820 as ruínas dun enterramento primitivo no bosque de Libredón que resultaron ser as tumbas do Apóstolo Santiago e os seus discípulos, Teodoro e Atanasio. Axiña o rei Afonso II peregrina ata o lugar e manda edificar unha igrexa modesta que posteriormente reconstruíra Afonso III no ano 899, sendo o xerme da actual catedral e cidade de Santiago.

Non hai dúbida da beleza natural e arquitectónica que atesoura o Camiño de Santiago nas súas diferentes rutas, tan rico en patrimonio. Aínda que tamén existen unha morea de camiños no mundo esperando ser descubertos, novas vías a explorar e coñecer sen saber onde nos levarán... A emoción do descoñecido, cal navegante sen rumbo. Ao fin e ao cabo, ¿non é a curiosidade humana, o afán de aventura e exploración, un dos motores da nosa especie? As



persoas tomamos decisións -camiños- que condicionan a nosa vida e nos levan nunha ou noutra dirección. Todos nos equivocamos e acertamos polo que o máis importante é reflexionar e mirar ao futuro sen ansia, vivir o presente e non aflixirse co

pasado como sabiamente nos apunta Machado.

O compositor austríaco Gustav Mahler (1860-1911) é autor de varios ciclos de cancións para voz e piano ou orquestra. O primeiro deles titúlase "Lieder eines fahrenden Gesellen" -"Can-

ções do camarada errante"-, consta de catro movementos e foi publicado en 1897. Este ciclo está moi ligado á súa primeira sinfonía "Titán", utilizando parte do mesmo material temático en ámbalas obras e está inspirado na complexa relación que Mahler mantivo coa soprano Johanna Richter cando era director da Casa da Ópera en Kassel, Alemaña. Aínda que a pena e o desamor inundan os textos desta música intensa e fermosa, parece que «saír a camiñar na noite tranquila no profundo do bosque escuro» é o único consolo para a alma atormentada do noso «camarada errante». A reconciliación entre o home e a natureza:

«Ahí, á beira do camiño, hai un tileiro
!e ahí por vez primeira encontrei o descanso no soño!
Baixo o tileiro que nevaba as súas flores sobre min.»

Na fotografía vemos un camiño rodeado dun bosque frondoso e verde que invita a iniciar unha viaxe sen fin. O Bosque de Silva ou a Selva de Esmelle no imaxinario cunqueiriano: atopáremos ao noso querido Merlín vagoando por estes lares?

LUGOXA

NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DE LUGO

VISITA A NOSA WEB
www.lugoxa.com

INFORMACIÓN DIARIA
ACTUALIZADA

661 464 323 - redaccion@lugoxa.com

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Carme, un barrio cheo de historia e cultura



Un dos barrios con máis historia na cidade de Lugo foi tamén un dos barrios máis esquecidos durante moitos anos, nos que a evolución foi case imperceptible. O barrio do Carme é un dos barrios que busca unha mellora despois de pasar tantos anos con máis sombras ca luces, nos que, mentres a periferia continuaba cun crecemento paulatino, este crecía en maleza e desgaste. Un dos aspectos máis salientables desta zona da cidade romana é que pasan dúas sendas oficiais do Camiño Primitivo -declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco en 2015-, así coma a Vía Romana XIX algo que non se valoraba vendo o seu estado de deterioro e abandono ata non fai moito. Así mesmo, a porta Miñá xunto

co citado barrio era o que antigamente daba acceso ao río Miño, algo que se pretende retomar na actualidade cunha unión maior entre a zona urbana e a trama fluvial. Para iso, quérese continuar cunha maior posta en valor para que, turistas, peregrinos, veciños e veciñas disfruten dos encantos do lugar. Por outro lado, tal era a importancia deste barrio que, este ano, encontráronse os restos dunha domus romana que data do século III. Estes restos atopáronse no lateral da capela do Carme e da sala de exposicións porta Miñá, por onde tamén pasa o Camiño Primitivo. De feito, esta é a terceira ocasión que se realizan este tipos de traballos na zona -outra vez foi no ano 1994 e outra no 2005-. Con este tipo de actuacións, pola súa beira,

preténdese pór en valor unha zona que ten un patrimonio cultural e histórico relevante na cidade e que serve para atraer turismo, así coma dotar á veciñanza dun espazo tranquilo, trascendental e cun pasado romano que segue presente na actualidade. Así mesmo, grazas a estas actuacións coñécese que, durante os primeiros séculos de existencia da cidade, esa era unha zona de importante ocupación do espazo urbano e, de feito, durante a etapa baixoimperial puido ter acollido necrópoles ou espazos de carácter funerario. A través destes traballos, xunto con outras accións, preténdese pór en valor o patrimonio histórico desta zona, situada ao lado da muralla e cun pasado tan relevante.



Tres imaxes do barrio do Carme

Detergente Balú 3litros 40 lav.

1,99€

PRECIO NORMAL **3,69€** AHORRAS **47%**

UNIDADES LIMITADAS ¡CORRE QUE VUELAN!

¡Y muchas más ofertas!

Batería de seis cacerolas Royalty Line

55,00€

PRECIO NORMAL **80,95€** AHORRAS **39%**

Juego de tres sartenes 20-24-28cm Royalty Line

28,50€

PRECIO NORMAL **44,95€** AHORRAS **47%**

Pulsera smartband M4

8,95€

PRECIO NORMAL **24,95€** AHORRAS **65%**

O LO VENDEMOS AL MEJOR PRECIO O NO LO TRAEMOS

¡Encuétranos en SQRUPS LUGO!

Av. de A Coruña, 128 Lugo

982 09 74 75 | [sqrups.lugo](https://www.sqrups.lugo) | [sqrups.lugo](https://www.facebook.com/sqrups.lugo)